COLEXIO PÚBLICO DE BUEU

O CANDIL

Abril 1996 Nº 9

APUNTES DE TOPONIMIA

Vista xeral de Bueu

CONCELLO DE BUEU

Unha vez máis desde o **Colexio Público de Bueu** (Pontevedra) queremos achegarnos a todos para amosar outra pequena parte da nosa cultura que temos presente nos momes de lugares, aldeas, parroquias,...

Aínda que a idea e elementos de traballo non son novos, tivémolos aparcados ata o mes de marzo que comezamos a darlles realidade, máis tivo que sufrir un novo parón por mor das vacación de Semana Santa. E agora vémonos un pouco forzados a darlle saída para que non se nos xunte con O Candil que xa estamos elaborando para conmemorar o día das Letras Galegas. A finalidade principal non é ter unha descrición exhaustiva dos lugares, historia dos mesmos,... (aínda temos claro que ó descifrar o significado dos nomes dos lugares, parroquias e do pobo é porque así estaremos coñecendo as distintas etapas da súa historia, da súa vexetación, relevo, donos, …) senón ter unha ferramenta base para que nos serva de constante reelaboración, adaptación histórica, insinuación de posibilidades a traballar, e, expecialmente, como disculpa para que os nosos alumnos coñezan, e polo tanto valoren e queiran, o seu pobo.

Moitos son os étimos que se nos presentaban a estudio e tivémonos que decantar por acotálos e quedámonos cos do Nomenclator Oficial. Dalgúns topónimos descoñecemos a súa significación e doutros por non velos tan claros, atrevémonos a facer ou tentar as nosas hipóteses, sempre de forma “respectuosa” coa lingüaxe, coa historia e con outros estudios dos étimos.

Moitas das pequenas descriccións dos lugares, formas de acceder, etc. foron elaborados por alumnos de oitavo de EXB, nas que tiñan como norma a seguer a da *brevidade* e *rigor*.

O noso agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, directa ou indirectamente, e que sen eles seríanos moi difícil poder realizar este tipo de traballos, subliñando de xeito especial a Dna. Emila Estévez Estévez e D. Eligio Rivas Quintas xa que sen os seus traballos sobre a toponimia de Bueu e Marín seríanos moi difícil aventurarnos neste tema. Non nos esquecernos das facilidades dadas polos curas párrocos para as consultas nos arquivos parroquiais.

Vidas de aldeas, freguesías e mar,
a voz do tempo nomeavos e modifícavos
con berros en clave de toponimia
forxando un pobo, Bueu, que é bo lugar.

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Luis Fernández Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

XERALIDADES:

0 espacio local ten unha configuración orixinaria de carácter rural. Así nolo delatan os rasgos históricos do concello: Deixando apartada a cuestión de se os romanos[1] tiveron asentamentos importantes no contorno, todo parece indicar que foi na Alta Idade Media cando se reorganiza o territorio do actual concello de Bueu, con asentamentos de poboación de orixe centroeuropea -con toda probabilidade, suevos- que se intercalan, completamente integrados, cos habitantes que xa poboaban o contorno con anterioridade; a edificación do Mosteiro da parroquia de Morrazo en Ermelo, supón un segundo rasgo definitorio na organización da terra, por ser un referente relixioso na comarca.

Ese carácter rural tamén nolo indica a toponimia: ordénase en torno a *"villae"* medievais, estructuradas en pazos e casais (e á súa vez subdivididos en grañas, valados, agrelais, pastorizas, pereiras, loureiros, castiñeiras ou carrasqueiras, e con referentes como antepazos, fontes da vila, ...); civitas -ou unidades de poboación sen autoridade civil- coa súa cancela de entrada, cástrelos,... e, coma non, aproveitando os recursos do terreo para a contrucción: pedreiras ou barreiros.[2]

Na división que facemos de cara o tratamento dos lugares temos coma base a parroquia pois pensamos que confiren ós grupos humanos destes lugares e aldeas un cadro xurídico, relixioso, eclesiástico… ó longo dos últimos tempos.[3]

Xa no ano 569 o II Concilio de Lugo a Sede Episcopal Auriense está constituída, entre outras, pola *ecclesia* do *Morracio.* Neste concilio foi cando se estableceu o "*Parrochiale Suevum*". Nas vilas e granxas sen igrexa parroquial, os donos construiron e dotaron de igrexas, convertindose moitas delas en parroquias.

Desde unha parroquia do Morrazo achegámonos, simplificando, ata actual estructura de tres parroquias é dúas anteparroquias (Ermelo e Beluso).

A evolución dos lugares a través do tempo é motivado por causas diversas e reflectirase máis ou menos en cada un dos apartados nos que resulta curioso observar que o igual que nas outras rías a grande parte das entidades rurais están ubicadas en ladeiras ou vertentes e moi poucas nas zonas pouco accidentadas (xa que estas son aproveitadas agricolamente); tamén pode observase que a evolución moderna dalgúns núcleos de poboación soe producirse ó longo de pistas ou estradas asfaltadas en épocas recentes, ou en estradas máis importantes; [4] o mesmo ocorre coas que viven nun outeiro e que sofren un forte crecemento demográfico. Exemplos destes no noso concello temos entidades como: Castrelo, Fontealta e Sabarigo en Stª Mª de Cela,....

CENSO DO CONCELLO DE BUEU



[1] "*A baixa romanidade é fundamentalmente rural xa que é no campo onde se asentan os máis poderosos e é a terra e os seus productos a principal fonte e signo de riqueza. Pódese dicir que os asentamentos rurais (en tódalas variedades) son característicos destes momentos.*" *Gallaecia* nº 3-4, 1977, *Galicia bajo romana* de F. Arias Vilas e Cavada Nieto Páx. 94

[2] *A Arte da Xábega no Bueu de comezos do século XIX: A aparición dunha nova burguesía local* de Manuel Cerviño Meira. Inédito. (Pendente de publicación).

[3] *Galicia nos séculos XIV-XV*, José García Oro. Páx. 10. Fundación Barrié de la Maza-1982

[4] *La trama de los asentamientos rurales en la rías bajas gallegas*, Alberto José Pazo Labrador. Capt. V páx. 256-257

PARROQUIA DE S. MARTÍN DE BUEU

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
S. MARTIN DE AFUERA P.	**1900**	830	3419		3474	
S. MARTIN DE AFUERA P.	**1930**	1012	4344		4644	
BUEU	**1973**	991	1609	1746	3712	
S. MARTIN DE AFUERA P.	**1991**	2889	2941	3226	3469	3634

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Outros lugares, aldeas,… que viñan no nomenclator de 1900: *Barreiros, Canudo, Casal, Currás, Lagasteira, Liboreiro, Pedreira*

No Catastro do Marqués de la Ensenada descríbese a *"Feligresía de San Martín de Bueu"* en 1752 (CEAGS,325)[1] nos seguintes termos:

> ***"....*** *La Feligresía de San Martín de Bueu ocuparía su término desde Levante a Poniente quatro y medio de Legua y desde el Norte al Sur media Legua y de circunferencia legua y media; a dos horas y media de Camino limita por el Levante con la Feligresía de Santiago de Hermelo por el P. con dicho Coto de Bon y Villar, por el Norte con la Mar por el S con término de San Salvador de Coiro y Santa Maria de Darvo con figura quadrilonga puesta al margen."*

Agora tentaremos de adentrarnos na orixe do vocablo toponímico "*BUEU*" que non está exento de polémica e de grandes elocubracións. Partindo da bibliografía existente aportamos unha nova hipotese coa intención de que poida servir de base de discusión para que de xeito creativo se afronte o estudio deste topónimo.

Algunhas das solucións aportada parécennos, en principio, un tanto disparatadas tales como algunhas das que recolle José Mª Estévez nos seus apuntes da historia de Bueu:

- E. Rodríguez no *Diccionario gallego-castellano: Bueiro*: cana ou tubo para a saída de augas. E *Buenza*: parte alta dun terreo en declive.
- J. Torres Martínez: *Pequena historia de Marín:* Bueu, de "*boeos*": vacún, bóvido

A profesora Emilia Estévez Estévez, en Toponimia de Bueu, tese de licenciatura (inédita) na Universidade de Santiago, 1977 os seguintes autores:

-García de la Riega: Bueu, de "*boeos*", vasto, ancho.

-García de Diego: *Boedo, buedo*. Do latín "bodetu", terreo pantanoso, ou, mellor incluso, terreo de espadañas.

-J. M. González: *Bedu/budu* (céltico) ➔ *buda/budetum* (latín)

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 325 (Respuestas Generales)

A primeira proposta non resulta significativa, pois o val de Bueu non se corresponde coa proposta. A segunda, merece unha atención especial, sendo valorada a continuación.

Resultando que se apunta a existencia dunha importante espadañeira, anegada pola auga (o mar alcanzaba os pés da igrexa, afírmase) cabe respostar:

Primeiro, en Bueu, non existe unha presencia "invasora" da espadaña que permita confirmar tal postulado, aínda que houbo no lugar das "Lagoas". En todo caso, sería a xunqueira. A palabra latina correspondente sería ben "*iuncus*", ben "*scirpus*", vocabulario que non vén ó caso. Se pretendemos referirnos únicamente ó concepto de terreo pantanoso cabería falar do "paluster" e nunca do "*bodetus*".

En segundo lugar, no suposto de que o termo "*bodetu*" fose o termo válido, este evolucionaría hacia formas mais actuais como boedo ou buedo, máis nunca ó Bueo do s.X nin ó Bueu dos s.XII ó actual. E isto porque o "-t-" intervocálico latino transfórmase en "-d-" na súa forma actual, sen embargo non desaparece, como sustenta a autora, a diferencia do "-d" intervocálico latino.

Por último, Bueu, no século X -primeiro apunte recoñecido do topónimo- era unha "villa" alto-medieval [cunha solución proposta que non tiña porqué, pero si podía ser: o seu graneiro (A Graña), a súa canteira (A Pedreira), diferentes casais (Castrelo, Cividade,...), zonas agrícolas ou forestais (Carrasqueira, ...).

Pode que non resulte doado, pois, identificar unha "*villae cun domus*" a unhas gándaras, tal e como fai E. Estévez.

Ante o arriba exposto, intentarase formular unha proposta, unha reflexión para o debate, aberta a críticas, coa fin de reafirmala ou definila como errónea.

a) No II Concilio de Lugo, como xa se comentou, establécese a división de Teodomiro, estructurándose o territorio de Galleacia nunha serie de parroquias (concepto empregado co seu significado primoxéneo), entre elas, o "Morratius". Durante os séculos seguintes será este o concepto que identifique o territorio, sen divisións menores.

   Vencellados a este territorio, á parroquia do Morrazo, xorden:

   - O mosteiro de *Sancti Iacobi Ermelii*; e,
   - O *castrum Daravum*[1], *cum villis et ecclesiis*.

   Con isto podemos falar dunha igrexa parroquial, a do mosteiro do Morrazo (abarcando a toda a península) e dun castelo estructurado nunhas vilas e igrexas menores.

b) No s.X (ano 938) aparece, no tombo do mosteiro de Celanova a seguinte inscripción: "*In Morratio, medietatem de villa de* ***Bueo***". A terminación "-o" respostaría a un ablativo da segunda conxugación latina.

   Nota: obsérvese como o "-t-" intervocálico non se tiña convertido en "-d-", e sen embargo, este non aparece no vocablo Bueo, contradicindo a tese de E. Estevez. Este troco aparece dous séculos despois, no s. XII, cando temos "Morracio" e "Morraço"

c) Até o S. XIII non temos constancia da existencia de igrexa de Bueu. Sen embargo, neste tempo, constátase a mesma, e así:

   -Ano 1227: "*...in* ***bueu****... in regalengo et in ipsa ecclesia in bueu...*"[2]
   -Ano 1246: "*...in filigresía sancti martini de* ***Bueu****...*"[3]
   -Ano 1249: "*...in villa et in cauto de* ***Bueu*** *tam ecclesiastico quan in leycali...*"[4]

   Por todo o anteriormente sinalado, e como mera hipótese, proponse a existencia dun vilar

[1] Castelo de Darbo (Cangas)
[2] Archivo Histórico Nacional (AHN). Sección Clero. Carpeta 1858
[3] Archivo Histórico Nacional. pergamino, 1523/8. Tratando da venda dunha herdade en Bueu ó 25 de marzo de 1246. Visto na Colección Diplomática del monasterio cisterciense de Osera. M. Romani . Tomo I. Santiago 1989.
[4] Archivo Histórico Nacional 1524/1

alto-mediaval, no que posteriormente se instaurou unha igrexa, convertida en ferigresía. A aparición destas igrexas en "villas" era moi común, exercendo o seu constructor unha seria de dereitos, por atoparse nos seus dominios a ser o seu patrono. Como consecuencia, este vilar pasará o seu nome á feregresía.

Cabe preguntarse agora, o porqué do nome da "*villae*". Pois ben, seguindo a hipótese, teremos un eixo formado por Ermelo e a Magdalena, lugares de asentamento do mosteiro e do "*castru*", extendéndose o territorio desde eles hacia dúas rías. O vilar septentrional, o que está ó norte e, polo tanto afectado polo vento polar correspóndese con Bueu. Nun concepto grego, recollido pola linguaxe latina (coa seguridade de ser coñecida polos monxes de Ermelo) falariamos do que está "*in Morratio, in boreo*", palabra da segunda declinación (lembremos, a mesma que en "*villa Bueo*") que ven significar septentrional, o que está ó norte. E tamén como non, nomea ó mesmo vento do norte.

Resulta curioso que, hoxe en día, na toponimia aparezca un vocablo "Norte" como lugar que non está xeograficamente situado nesa posición con referencia á vila.

De ser certa esta hipótese cabería preguntarse como pasou de "boreus" a "bueus". Pois ben:

- A perda do "-r-", intervocálico non sería un casual senon unha norma da evolución da fala.

- O "-o-" pechado, que no Morrazo pronunciamos "-ou-" (serva o exemplo de "*ovella*") e que no castelán pasou a "-u-".(ex.: "*bonum*", bueno).

Fonéticamente, os pasos serían:

BOREUS → ou, 1) BOUREU --- BUREU → BUEU

BOREUS → ou, 2) BOREU ----- BOEU → BUEU

Todo é mera hipótese…

Bueu (núcleo) desde A Carrasqueira

•BUEU

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
PLAYA - BUEU	1900	158	661		671	
PLAYA - BUEU	1930	222	993		1034	
BUEU	1973		876	1014	1909	
BUEU	1991	1480	1388	1629	1585	1653
CATEGORÍA	Villa	DISTANCIA (km)		ALTITUDE (m)		

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O que hoxe en día se coñece como "*Casco urbano*" ata primeiros deste século coñecíase como *A Riveira* (así se recollía tanto nos libros parroquiais coma nos protocolos notariais) que comprendía os lugares desde Pescadoira ata final da Banda do Río, tamén como *Lugar da Praia.*

Outras citas antigas do topónimo Bueu:

- 938 (27 de febreiro).- Na Galicia alto-medieval catro grandes propietarios galegos posúen a maior parte do territorio. En *Bellucio*, pero sobre todo en *Bueo* Gutier Menéndez e Ylduara Eiriz dona o mosteiro de Celanova este ano: "…in Morratio medietatem de ulla Bueo cum domos et intrinsecis eius, siue et medietatem de res minuta" (no Morrazo media a mitade da vila de Bueu con tódolos casais e as súas propiedades e a mitade das cousas pequenas). *Ylduara, viuda de Gutier Menendiz, da o mosteiro de Celanova vilas, pesqueriras,…*[1]
- 1249.- "*in villa et in cauti de Bueu et omnium suorum terminorum et divisionum novarum et antiquarum*"[2]
- 1503.- '*Frey Pedro Rodriguez de Bueu…*"[3]
- 1701.- Nos rexistros parroquiais de Beluso: "*Bueu"* (16-10-1701)
- 1745.-Citada por P. Sarmiento no '*Viaje a Galicia'*: "*Bueu, San Martín, feligresía. Arenal grande..."*
- 1767.- Nos libros de matrimonios de Beluso: "*Boeu*" (29-9-1767)

• A CANCELIÑA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
CANCELIÑA	1900	17	88		94	
CANCELIÑA	1930	16	70		73	
CANCELIÑA	1973				79	
A CANCELIÑA	1991	61	29	29	34	32
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	0,1	ALTITUDE (m)	50	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Situada entre As Meáns e o Outeiro, á parte leste da estrada Pontevedra-Cangas. Accédese á Canceliña por camiños, hoxe asfaltados, preto da baixada á rúa Pazos Fontenla.

---

[1] A.H. Nacional. Cartulario de Celanova, fol 5v-6v. Visto en *Ordoño de Celanova: vida y milagros de San Rosendo* de Manuel C. Díaz Díaz e outros. Fundac. Barrié de la Maza. La Coruña-1990

[2] "*Na vila e no coto de Bueu e tódos os seus términos e nas novas e antigas divisións*". Archivo Histórico Nacional

[3] No Tombo do Hospital de Stª María do Camiño de Pontevedra

Nas *villae* medievais atopamos o espacio estructurado como anteriormente temos sinalado. Un destes espacios é a entrada ou paso, denominada aquí *canceliña*.

O étimo tómao do latín tardío cancellu-a 'cancilla, verxa' ➔do latín cancelli -orum 'verxa, límite, barreira' na forma diminutiva. Tal como nos indica Elixio Rivas, é común realizar todos estes topónimos con seseo.[1]

• A CARRASQUEIRA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
CARRASQUEIRA	1900	54	208		210	
CARRASQUEIRA	1930	52	193		198	
CARRASQUEIRA	1973	111	156	161	319	
A CARRASQUEIRA	1991	151	182	227	213	229
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	0,6	ALTITUDE (m)	60	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Este lugar hoxe en día claramente definido, non resulta percibido desde moi vello. E así no século XVIII intégrase no Valado (que incluía o pazo de Stª Cruz) e na Ribeira (na súa zona máis próxima á estrada Bueu-Beluso). As edificacións novas e remozamentos ó longo da estrada a Beluso e baixada á Banda do Río é alto. A parte de A Carrasqueira que se extende ladeira arriba coñecese coma Carrasqueira de Arriba. Ten unhas fermosas vistas do interior da ría e sobre todo de Bueu casco urbano. Na parte alta hai monte, antano con "*carrascos*" da familia das *ericaceas* , hoxe en día con eucaliptos. Co carrasco facíase a roupa (Corozas).

Vén do preindoeuropeo *kar- "rocha", preceltico *carr- "rocha, planta de rocha"

O nome de *Carrasqueira* aparece citado, formando parte do Valado, no Catastro do Marqués da Ensenada.[2]

A Carrasqueira. Ramorta,...

[1] *Toponimia de Marín* , Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade de Santiago de Compostela. Páx. 257
[2] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Arquivo Histórico Provincial,, Fol.106

• A CIVIDÁ

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
CIVIDAD	1900	38	156		156	
CIVIDAD	1930	59	246		263	
CIVIDAD	1973	53	84	100	191	
A CIVIDA	1991	49	51	77	64	77
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	0,7	ALTITUDE (m)	100	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Ó leste de Bueu gatuñando pola ladeira do monte hacia Xexide atópase A Cividá. Linda coa A Graña polo sur, ó leste con Xexide, ó norte con Soutelo e O Outeiro e polo oeste coa estrada Bueu-Cangas. Accédese por diversos camiños, asfaltados na actualidade, que partindo da estrada de Bueu a Cangas conducen con fortes pendentes hacia ese lugar; tamén se pode acceder pola estrada do O Outeiro hacia Meiro, á altura do lugar coñecido coma Cruceiro.

Facer equivalente *cividade→civitas* é un tanto desacertado, en canto que ´cidades' eran Roma, Mérida,… máis non Bueu. Cividá máis ben diría que ven de *cividade* do latín *civitates* → a entidades territoriais que agrupan ás poboacións indíxenas ante a administración romana, coa fin de reclutar, cobrar impostos,… Aínda que non hai grandes elementos que así o fagan supor algúns historiadores contemporáneos supoñen que se subdivide en *castellum* (castros, castrelos,…)

No medievo *civitas* eran unidades de poboación sen autoridade civil.

Posible reminescencia castrexa na que en época romana equiparábase a *civitate.*

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Aldea deasivida*" Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu, 14-3-1733[1]
- "*Cividade* e *Cividad" CEAHP-1752* [2]

• O ENLEITO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
ENLEITO	1900	12	42		42	
ENLEITO	1930	18	59		60	
ENLEITO	1973				48	
O ENLEITO	1991	10	12	12	14	12
CATEGORÍA	Aldea	DISTANCIA (km)	1,6	ALTITUDE (m)	75	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Lugar entre O Valado e A Ramorta. As costas da Igrexa de S. Mariño de Bueu. Na base do monte Roxo que separa Bueu de Beluso. Accédese pola estrada local Bueu-A Portela e pola rúa Ramón Bares. Comunícase con Beluso pola estrada que pasa por Achadiza; así como por un camiño que bordea os Pazos de Stª Cruz e o de Ouril.

Do latín **in-lectus (*?) Situado xusto no 'leito que forma o monte (*Roxo*) baixando ó río (*Bispo*). A súa situación coincide coas características exidas para xustificar o topónimo,

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*cassa do ynleyto*" no AHP-1682.[3] - "*Ynleito*" e "*O Enleito*" no CEHP-1752[1]

---

[1] Arquivo parroquial de S. Martiño de Bueu.
[2] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 22 e 41.
[3] Arquivo Histórico Provincial. Fundación maiorazgo de Sta. Cruz por Fernando de la Rúa y Freire, ano 1682 páx. 24

• A GRAÑA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
GRAÑA	1900	33	137		140	
GRAÑA	1930	98	444		481	
GRAÑA	1973	128	231	224	460	
A GRAÑA	1991	131	133	192	168	193
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	1,1	ALTITUDE (m)	110	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

A GRAÑA, tomámola como un elemento máis da *villae, e*sa *villae romana,* tendo en conta a época na que os romanos chegaron a asentarse na Galicia Occidental cabe pensala tardo-romana ou máis ben alto-medieval (“*Cela”* ten unha orixe similar).

Graña: Latín vulgar do Noroeste *villa granea, latín graneus -a, latín *granum* ‘gran’ (como adxectivo *granea*, logo sustantivado). A voz graña é apelativo: “granxa, facenda de campo cercada, caserío con dependencias e servicios”, “grande extensión de monte baixo”, (Carré). Equivale en todo á Granxa que a precedeu e ambas coa mesma orixe latina[2].

Encravada na ladeira do monte que desde o leste domina o val de Bueu. Accédese por camiños asfaltados que desde distintos puntos da estrada Bueu-Cangas diríxense hacia o nacente. Situado entre Trasouto polo sur e A Cividade polo norte.

Coma referencia do lugar sinalamos:

- **“***Aldea de Graña*” Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu 3-2-1715.[3]
- Citado como ‘La Graña, lugar y arenal’ polo P. Sarmiento no ‘*Viaje a Galicia’* do 1745 como lugar de Bueu que paga ó mosteiro de “*Hermelo*”.
- “d*a Graña”* no CEAGS-1752[4]

• LOUREIRO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
LOUREIRO	1900	10	30		32	
LOUREIRO	1930	19	90		97	
LOUREIRO	1973				97	
LOUERIRO	1991	126	75	83	85	84
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	0,6	ALTITUDE (m)	0,0	

[1] Catastro de la Ensenada, ano 1752, A. H. Provinc. *Feligresia de San Martín de Bueu* Fol. 2, 31,79
[T]*oponimia de Marín* Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade de Santiago de Compostela. Páx. 281
[3] Arquivo parroquial de S. Martiño de Bueu
[4] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas. Libro 248, Fol. 342 vº (Respuestas Generales)

Lugar situado á entrada de Bueu na estrada Pontevedra-Cangas que con Petís son continuación do casco urbano de Bueu hacia a beira mar da parroquia de Cela. Tamén hai a Praia de Loureiro, que pertence a este lugar. O acceso faise seguindo a estrada anteriormente citada a 1 km do centro urbano.

Na toponimia aparecen nomes da flora que se dá, espontaneamente ou non no lugar. O loureiro abondoso nas nosas rías, ainda ten presencia sinalada nesta zona. Do latín vulgar *laurariu 'laurel', lat. lauru 'id'.

Do latín *lauru* → latín vulg. *Laurariu* "loureiro".

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Aldea de Loureiro*" CEAGS-1752[1] e *Loureiro* CEHP-1752[2]
- "*Loureiro*" [3] Arquivo Histórico Provincial Apeo General del Conde de Maceda, 1694.

• AS MEANS

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
MEANES	1900	25	106		114	
MEANES	1930	23	121		127	
MEANES	1973	56	106	114	222	
AS MEÁNS	1991	89	104	125	125	125
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	0,2	ALTITUDE (m)	60	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

As Meáns linda con Loureiro, Petís, Canceliña e Castiñáns. Accédese por Loureiro (na mesma curva unha estrada moi empinada) e por unha pista, sinalada, fronte mesmo da primeira baixada o porto de Bueu na zona de Pescadoira,

Do latín *mediu-a* "medio" → *medius-a-um* "medianeiro" → *mediana* "intermedia".

"As Meáns supón a elisión do sustantivo ó que calificaba: *leiras medianas, quizá de onde *meiaas>meãas>meãs>meáns*"[4]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Meáns*", "*As Meáns*", "*Asmeans*" CEHP-1752[5]

• MEIRO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
MEIRO	1930	95	364		380	
MEIRO	1973	113	201	215	415	
MEIRO	1991	131	161	191	214	187
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	4,1	ALTITUDE (m)	250	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Meiro situado na ladeira oeste do Mte. Queimada e A Esculca. O haber abundancia de auga e ser pouco costaneiro fai que as súas terras teñan unha grande utilización agrícola. A súa situa-

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas. Libro 258, Fol. 1516 vº (Mayor Hacendado)
[2] Catastro de la Ensenada, 1752, A. H. Provincial. '*Feligresia de San Martín de Bueu*' Fol. 8
[3] Arquivo Histórico Provincial. Apeo General del Conde de Maceda. Escribán Francisco de Malvido Varela, 1694
[4] Estévez E., Emilia, *Toponimia de Bueu*, tese de licenciatura (inédita) na Universidade de Santiago, 1977, páx. 137
[5] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Arquivo Histórico. Provincial. Fol. 7.57,71

ción é entre A Graña, Trasouto, A Portela e Ermelo. O acceso máis doado é pola estrada xeral, Pontevedra-Cangas no desvio que hai en A Portela; máis tamen pode achegarse a Meiro pola estrada que desde Cela pasa por O Outeiro, e por unha pista forestal que desde Moaña ven por Ermelo. Aínda que non ten capela, no mes de xuño celébrase a festa de San Antoniño.

Hidrónimo que sinala abundancia de auga. Do preindoeuropeo *mar-/ *mer- "auga, manantial, auga parada que rezuma"

Coma referencia do lugar sinalamos:

- O P. Sarmiento[1] di que "*tiene Hermelo dos cotos, uno el de Hermelo y otro el de Meiro*", sen embargo no catastro da Ensenada, da mesma época, integra á aldea de Meiro na freguesía de Bueu. Tamén o cita como lugar que pagan o mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Aldea de Meyro*" AHP. Escribán Francisco Malvido Varela, ano 1687.[2]
- "*Aldea de Meiro*" e "*Aldea d Meyro*" no Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu[3] e no Catastro de Ensenada.[4]

• O NORTE

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
NORTE	1900	43	189		194	
NORTE	1930	58	267		279	
NORTE	1973	115	166	183	356	
O NORTE	1991	140	157	194	200	202
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	1,1	ALTITUDE (m)	70	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Lugar de formación recente, pois no catastro de Ensenada non se recoñece como tal lugar.

Este tipo de topónimo dase na costa, o que non é de estrañar pola costume dos mariñeiros a referenciarse polos puntos cardinais. A situación norte non é a do norte xeográfico (O Norte queda situado ó Leste xeográfico) senón con respecto a outro lugar. Accédese, entre outros, pola estrada xeral Pontevedra-Cangas no desvío que sube O Outeiro.

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Venta de una casa de suetano en el lugar de Norte*" no AHP[5].

Vista aérea de Bueu, O Outeiro, As Means...

[1] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[2] Arquivo histórico Provincial. Ecribán Francisco Malvido Varela.
[3] Arquivo parroquial de S. Martiño de Bueu datas 16-10-1712 e 9-1-1714.
[4] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico. Provincial. Fol. 19, 34…
[5] Arqruivo Histórico Provincial. Escribán: Pasqual de Juncal, 13-4-1800. Ca 1461 (2)

• O OUTEIRO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
OUTEIRO	1900	45	172		172	
OUTEIRO	1930	49	218		230	
OUTEIRO	1973	54	81	85	167	
O OUTEIRO	1991	57	80	87	94	96
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	2,4	ALTITUDE (m)	140	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Lugar situado nun cerro no que domina o val de Bueu e, ás súas costas, a parroquia de Cela. Para acceder O Outeiro faise pola estrada local Bueu-Cela que pasa por O Norte ou pola antigo "camiño real ou vrea" ou "camiño vello", hoxe asfaltado, Meiro-O Outeiro. Linda con A Cividá e Xexide, polo sur e leste, repectivamente, e con A Canceliña, As Meáns e Norte de cara o centro urbano.

Do latín *altus* "alto, elevado" → *altariu* "que pertence ó alto" → *altarium.* Segundo Menéndez Pidal é un topónimo relativamente recente, xa que en galego a evolución normal conduciría a *Outo* e non a *Outeiro.* Outros autores[1], coincidindo que deriva do latín *altu* máis completanno engadíndolle o sufixo *-arius* para darlle a acepción de "eiras altas", "lugar onde se obtiñan determinados productos" e, por analoxía "abondancia"; parécenos que aquí non é o caso.

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Outeiro*" Arquivo Histórico Provincial Apeo General del Conde de Maceda. 1694.
- "*Aldea douteiro*" e "*Aldea do Outeiro*" Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu.[2]
- '*Otero*' P. Sarmiento no '*Viaje a Galicia'*, 1745 como lugar que paga a "*Hermelo*".
- O Catastro de Ensenada fala da '*aldea do Octero* e *monte da Ucha'*, de "*Outeyro*", [3] *Outeiro e "Aldea do Outeiro"*[4].

• PETÍS

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
PETÍS	1900	29	119		126	
PETÍS	1930	35	152		163	
PETÍS	1973				90	
PETÍS	1991	28	23	32	25	32
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	0,1	ALTITUDE (m)	10	

Achegándose a Bueu e pasando Loureiro atopámonos co lugar de Petís, que ó igual que O Norte é un topónimo de creación recente pois non está recollido no Catastro de la Ensenada.

Observando a súa estructura xeográfica de "*rochas en punta cara o mar"* inclinámonos por atribuirlle a súa orixe toponímica no preindoeuropeo **pett- pitt-* "prominencia, punta, rochas no mar"[5], máis hai algunhas persoas que a fan do francés **petit*(*e*) "pequeno/a" en referencia ó tamaño da praia do mesmo nome.

---

[1] Estudio de toponimia menor en la parroquia de Sta. Mª de Samieira, Luisa Blanco Rodriguez. Páx. 20 PO-1995
[2] Arquivo parroquial de S. Martiño de Bueu datas 3-7-1730 e 24-9-1733.
[3] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Archivo General de Simancas, Libro 258, Fol. 1518 (Mayor Hacendado)
[4] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Arquivo Histórico Provincial. Folios 4, 8, …
[5] *Toponimia de Marín,* Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade de Santiago de Compostela. Páx. 98

• A PORTELA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
PORTELA	1900	30	125		125	
PORTELA	1930	51	251		254	
PORTELA	1973	82	131	168	305	
A PORTELA	1991	92	110	149	135	149
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	4	ALTITUDE (m)	150	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

"*El puerto de Cangas... dista poco más de media legua del puerto de Bueu, en la ría de Pontevedra; y el estrecho es un valle, que llaman la Portčla de camino llano.*"[1]

Do latín *portus* "paso", este lugar de paso na súa acepción primeira referíase a pequenos pasos terrestres entre montes, logo usouse para designar tamén unha entrada polo mar. Proviña de base indoeuropea *per-, "cruzar, pasar" e derivou tamén no vocábulo porta, inda que mudando de xénero. Os lugares de paso entre montes, chamados Port-ella (diminutivo latino "*ellum/ellam* > elo /a), deu orixe ós topónimos A Portela…[2]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- No ano 1397 o convento de Sto. Domingo de Pontevedra percibe de Chamoa González, muller que foi do escudeiro Fernán Núñez Capota o Vello, o casal de Cide.[3]
- Tamén cabe sinalar que os distintos cargos das freguesías da xurisdición do Morrazo tiñan como punto de reunión A Portela. (s. XVI)
- "*Aldea da Portela*" Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu do 11-11-1712
- 'Portela' por P. Sarmiento no '*Viaje a Galicia'* do 1745 como lugar de Meiro que paga ó mosteiro de 'Hermelo'. - "*da Portela"* CEAGS -1752[4]

• A RAMORTA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
RAMORTA	1900	53	241		249	
RAMORTA	1930	78	331		337	
RAMORTA	1973	93	145	157	305	
A RAMORTA	1991	103	150	168	172	170
CATEGORÍA	Aldea	DISTANCIA (km)	0,9	ALTITUDE (m)	60	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Ladeira do monte Roxo que se achega desde O Enleito ata a Carrasqueira e rúa Pazos Fontenla. Accédese por varias pistas locais: desde a rúa Alexadre Bóveda que pasando pola Ramorta vai a enlazar coa estrada xeral a Beluso, a dun ramal que hai na que de O Valado vai a Beluso.

A súa orixe toponímica parece que non hai dúbida que vén do latín **rana mortua*.[5]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*la Raamorta*" Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu do 23/9/1715.
- "R*an morta", "Ramorta", "Ran Morta" CEAHP-1752.* Catastro Ensenada, Fol. 23/25/122

---

[1] Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*, 1745.Por J. Pensado. Salamanca.1970. Px. 398.

[2] *A Lama .Os nomes dos lugares*. De Xosé Carlos Morgade Martínez. Páx. 86. PO-1995, *Toponimia de Marín*_de Eligio Rivas Quintas, páx. 298, e *A toponimia, refrexo actual dunha historia do pasado* de J.R. Cordo Rodríguez

[3] Rodríguez Figueiredo en *Ayer de Pontevedra* indica que tal casal estaba situado no alto que divide Bueu de Cangas.

[4] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Archivo General de Simancas. Libro 258, Fol. 1508 (Mayor Hacendado)

[5] Estévez E., Emilia, *Toponimia de Bueu*, tese de licenciatura (inédita) na Universidade de Santiago, 1977, páx. 114

• SOUTELO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
SOUTELO	1900	13	59		59	
SOUTELO	1930	21	110		118	
SOUTELO	1973	22	43	60	107	
SOUTELO	1991	50	56	78	66	80
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	0,5	ALTITUDE (m)	0	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Lugar entre A Cividá, O Norte e A Graña. Está á beira da estrada xeral Bueu-Cangas.

Do latín *saltu(s)* 'rexión forestal, bosque, paso estreito,... '. Este étimo utilizouse, entre outros, para designar os bosques de castaños.[1]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Soutelo*" AHP. Apeo General del Conde de Maceda.[2]
- "*Sotelo*" P. Sarmiento[3] como lugar de Bueu que paga ó mosteiro de 'Hermelo'.
- "*Aldea de Sotelo*", "*Aldea da Soutelo*" e "*Aldea da Soutiño*" Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu[4]
- "*Soutelo*", *"Soutelo de Avajo" e "Soutelo de Arriba"* no CEHP-1752[5]

• TRASOUTO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
TRASOUTO	1900	19	97		97	
TRASOUTO	1930	22	13		13	
TRASOUTO	1973	37	68	67	138	
TRASOUTO	1991	54	64	76	74	76
CATEGORÍA	Aldea	DISTANCIA (km)	1,5	ALTITUDE (m)	80	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

A aldea de Trasouto está ó final de A Graña en dirección a Cangas. Cruzada polo río de Ermelo no que se poden contemplar aínda hoxe vellos muiños.

O igual que Soutelo, Souto vén do latín *saltu(s)* 'rexión forestal, bosque, desfiladeiro, paso estreito, selva, bosque, ... ' e servindo para nomear os lugares con castaños nados sen ser plantados polo home.

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Tras Souto*" [6] AHP Apeo General del Conde de Maceda, ano 1694.
-."*Trans Souto*" Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu 16-7-1715
- "*Tras Outo*" P. Sarmiento[7] como lugar de Meiro que paga ó mosteiro de 'Hermelo'
- "*Tras Souto" e "tras Souto"* CEAGS-1752.[8]

---

[1] Ernout, A. e Meillet, A. *Dictionnaire Etymologique de la langue latine.* París 1967. Páx. 591
[2] Arquivo Histórico Provincial. *Apeo General del Conde de Maceda*. Escribán Francisco de Malvido Varela, ano 1694
[3] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[4] Arquivo Parroquial de S. Martiño de Bueu nas seguintes datas 6-9-1720, 4-8-1725 e 12-10-1733.
[5] Catastro de la Ensenada, 1752. Arquivo Histórico Provincial. Folios 22, 28 e 88.
[6] AHP Apeo General del Conde de Maceda, por el el escribán Francisco de Malvido Varela, 1694
[7] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[8] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Archivo General de Simancas, Libro 258, Fol. 355 e 1511 vº.

• O VALADO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
VALADO	1900	46	180		183	
VALADO	1930	63	304		312	
VALADO	1973	97	143	155	302	
O VALADO	1991	100	119	170	145	170
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	1,1	ALTITUDE (m)	70	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O Valado de Arriba ou de Abaixo está a ambalas dúas marxes da estrada local de Bueu-A Portela servindolle de linde sur Ó Enleito. Neste lugar atópase a Igrexa parroquial de San Martín de Bueu. Accédese pola estrada mencionada, pola rúa Ramón Bares…

Da voz latina *vallum* "terraplén con cerca ou valo" → *vallare* → en no seu participio pasivo *Vallatus* "pechar cunha cerca, fortificar", formado sobre a → *vallatu* "valado".[1]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Lugar do Balado deballadares*"[2] no documento de fundación do maiorazgo de Santa Cruz. D. Fernando de la Rúa e Freire, afirma que este lugar llo mercou ós Ozores Valladares no ano 1682.
- "*Valado*" cítao o P. Sarmiento[3] como lugar de Bueu que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Balado*", "V*alado*", "*Crucero do Balado*", "*Lagoa do Balado*" CEAGS-1752.[4]

Enleito, O Valado, A Carrasqueira,...

[1] Ernout, A. e Meillet, A. *Dictionnaire Etymologique de la langue latine.* París 1967. Páx. 712 e *Toponimia de Marín*, Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade de Santiago de Compostela. Páx. 312-313.
[2] Arquivo Histórico Provincial. Fundación maiorazgo de Sta. Cruz por Fernando de la Rúa y Freire, ano 1682 páx. 23
[3] Fr. Martín Sarmiento, Viaje a Galicia , 174. Edición e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[4] Catastro de Ensenada, 1752, Archi. G. Simancas, Libro 258, Fol. 1505, 1508, 1514 vº, 1515 vº (Mayor Hacendado)

• O VISO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
VISO	1900	13	39		39	
VISO	1930	14	34		34	
VISO	1973	18	31	36	67	
O VISO	1991	25	36	49	42	49
CATEGORÍA	Aldea	DISTANCIA (km)	4	ALTITUDE (m)	80	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O Viso, zona elevada da parroquia de Bueu que linda ó Leste coa de Cela. Accédese desde a estrada Pontevedra-Bueu por Canstiñáns (frente á Praia de Portomaior) subindo polo Torrón ou desde a estrada de Bueu a Cela por A Barraca. Desde este lugar tense unha ampla panorámica da ría de Pontevedra. Como recolle Emilia Estévez, neste lugar foi abondoso o emprego do fenómeno consonántico do "ceceo" en vez do normal da zona que sería o "seseo". Polo que se di "O Bizo".

Do latín *visus 'acción de mirar, vista',* do verbo *videre 'ver' (Corominas sub v.)*[1]. Fan estes toponimos alusión a lugares elevados desde onde se contemplan amplas panorámicas.[2]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Aldea do Visso*", - "*Aldea del Biso*" Libro de Defuncións S. Martiño de Bueu[3].
- "*Viso*" por P. Sarmiento[4] como lugar de Bueu que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Aldea do Viso*" (Coma pertencente a Cela) e "*Biso*", no CEHP-1752.[5]

• XEXIDE

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DEREITO HOMES	MULLERES
GEGIDE	1900	10	26		26	
GEGIDE	1930	10	46		49	
GEGIDE	1973	12	23	21	44	
XEXIDE	1991	12	11	18	14	18
CATEGORÍA	Aldea	DISTANCIA (km)	3	ALTITUDE (m)	145	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Comeza Xexide no cruce da estrada Outeiro-Cela, e seguindo en dirección a Meiro por riba da estrada (antiga "vrea romana").

A finais do s. III os pobos xermánicos adéntranse no Imperio Romano e fan que no eido-económico social se producise unha serie de cambios como unha sedimentación da agricultura, unha xerarquización social baseada na propiedade da terra e onde a "villae" ten máis importancia como explotación agrícola e gandeira, dando os seus donos nome ás propiedades como neste caso **sigildus.*

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Aldea de Gegid*" e "*Aldea de Seside*" Arq. parroquial S. Martiño de Bueu (1724/1730)
- "*aldea de Gigida*" no CEHP-1752.[6]

---

[1] Estévez E., Emilia, *Toponimia de Bueu*, tese de licenciatura (inédita) na Universidade de Santiago, 1977, páx. 182
[2] Cabeza Quiles, Fernándo. *Os nomes de lugar*. De. Xerais, 1992 Páx. 511
[3] Arquivos Parroquiais de San Martiño de Bueu nas datas 1-1-1715 e 4-6-1720.
[4] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[5] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 96 ('Vecindario') e 23.
[6] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 26

PARROQUIA DE STA. MARÍA DE CELA

• CELA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
Sta. María P.	**1900**	411	1415		1415	
Sta. María P.	**1930**	498	1791		1895	
Sta. María P.	**1973**	573	903	958	1889	
Sta. María P.	**1991**	798	886	1036	1060	1025
CATEGORÍA	Parroquia	**DISTANCIA (km)**		**ALTITUDE (m)**		

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

'Feligresia de Santa Mª de Cela' **CEAGS Libro 248 Folio 325 vº - 326 (R. Generales):**

*"**....** La Feligresía de Santa María de Cela ocupa su término desde Levante a Poniente quatro y medio de Legua y del Norte al Sur la misma distancia, y de circunferencia legua y media ô hora y media de Camino limita por el Levante con la Feligresía de Santa María de Ardán, por el Poniente con la referida de San Martín de Bueu por el Norte el Mar; ô Ria de Pontevedra, y por el Sur las mencionadas Feligresias de san Martín de Moaña y Santiago de Hermelo, y la figura redonda segun se manifiesta al margen."*

No ano 1371, o arcebispo D. Rodrigo de Moscoso concédelle a Alvar Páez a metade da freguesía de Cela, "*de por vida e dúas veces máis"*. Se ben a parroquia de Cela está composta por unha serie de lugares, será o lugar no entorno da Torre o que maiormente se identifique co topónimo de Cela, pois en innumerables ocasións a rama dos Charino-Sotomaior refírese á súa torre como 'á casa de Cela'. (Ex. Testamento de Paio Gómez de Sotomaior, no ano 1454) .

Do latín *cella-ae:* celeiro, almacén, despensa. Se ben é certo que tamén é cuarto ou apousento pequeno, no mundo rural altomedieval as colonias agrícolas impóñense na toponimia: Cela, A Graña, Agrelo,…

Polo que o significado primitivo da voz "*cella*" debeu referirse a unha pequena estancia.[1]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*... duo casalia in cela et...*". No Testamento do Arcebispo Juan Arias. Era MCCCIV Santiago ano 1266 Tumbo C folio 4vº.[2]
- No ano 1495, Foro de Dona Sancha de Lobera, en Cela, ante o escribán Juan Álvarez.[3]
- "...ría de Pontevedra, antes de Ermèlo, y junto a Santa María de Cela, de la cual su origen es *Cella*, porque allí había un monasteiro".[4]
- "*En 13 de setembro, luns, saín a percorrer o que hai de mar desde Pontevedra ata A Garda, V.gr.:....Cela: Santa María de Cela, feligresía.....*"[5]
-: "*...Zela, Buêu,* Beluso y la punta de Udra que es el remate", cita do P. Sarmiento.[6]

---

[1] *Os nomes de lugar* Fernando Cabeza Quiles. Ed. Xarais-1992. Pax. 128
[2] En *Apéndices de Historia de la SAMI de Santiago de Compostela* de López Ferreiro. Tomo V. Páx. 104
[3] "*Extracto de documentos del Archivo de Valladares"*. Museo de Pontevedra . T. XV. Ano 1961. Páx. 100
[4] Fr. Martín Sarmiento, Colección de voces y frases gallegas, 1745.Por J. Pensado. Salamanca.1970. Px. 398.
[5] Fr. Martín Sarmiento, *'Viaje a Galicia'* , 1745, Edición e estudio de J.L. Pensado. Museo Pontevedra.1975.Px. 101
[6] Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*, 1745, por de J.L. Pensado. Salamanca.1970. Pax. 170.

• ANTEPAZO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
ANTEPAZO	**1900**	18	55		55	
ANTEPAZO	**1930**	22	69		71	
ANTEPAZO	**1973**	14	21	16	37	
ANTEPAZO	**1991**	19	22	20	24	20
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	2,8	**ALTITUDE (m)**	90	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Nas "villae" medievais, en torno ós casais atópanse unha serie de espacios definidos. As 'villae' recibían numerosos nomes: pazo, casal, castrelo, torre… E un lugar no seu entorno era o '*antepazo' (*xustamente situado antes da Torre no referente triangulado polos puntos Beloso-Burgo-Igrexario). Accédese a el pola estrada que vai dende o Colexio da Torre, andando uns 200 m. cara o Torrón e súbese polo camiño do mesmo nome a man esquerda, pasando pola fonte de Queimaño. Ten polo norte A Torre e polo sur O Souto.

Do latín *palatium* co prefixo *ante*- "diante da mansión, palacio…"

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Francisco de Antepaço*" AHP CA 2492 (2) Escribano Francisco Varela, año 1687
- "*... antepazo...*" No Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio. AHP-1679.[1]
- Citada por P. Sarmiento[2] como lugar de Cela que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Aldea de antepazo*" CEAGS-1752[3] e "*aldea de Antepazo*" CEHP-1752.[4]
- "*Antepaso*" Suplemento 6º B.O. Provincia, año 1884.[5]

• O BELOSO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
VELOSO	**1900**	32	112		111	
BELOSO	**1930**	44	152		159	
BELOSO	**1973**	47	58	60	118	
O BELOSO	**1991**	35	38	51	41	51
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	4	**ALTITUDE (m)**	120	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O Beloso, lugar costaneiro á esquerda da estrada que vén de Cela ó Outeiro, logo de pasar O Río e o Casal.

O topónimo O Beloso non é, coma moitos outros, un tema craro sobre o que non se poden máis que tentar hipóteses tales coma a que o fan derivar da raíz céltica *bel- "bo, o que encanta"

[1] Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poyo. Arquivo Histórico Provincial. Folio 467 vº.Fco. Malvido (1679-80).
[2] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745, Edición e estudio de J.L. Pensado. Museo Pontevedra.1975.Px. 101
[3] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 357 (Respuestas Generales)
[4] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 95 (Vecindario)
[5] Suplemento 6º B.O.da Provincia, ano 1884 - Censo de electores para diputados a Cortes.

e, por extensión dun grande número de clases de herbas narcóticas, alucinóxenas presentes nos montes e camiños galegos. No noso caso debeu significar unha planta parecida ó torvisco.[1]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*... Veloso...*" No Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio. AHP-1679.[2]
- "*Beloso*" por P. Sarmiento,[3] lugar de Cela que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Aldea de Beloso*" CEAGS-1752.[4] Libro 248 Folio 355 vº e 357 (Respuestas Generales)

O Beloso - O Casal

• O BURGO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
BURGO	**1900**	26	88		88	
BURGO	**1930**	33	108		110	
BURGO	**1973**	32	59	57	116	
O BURGO	**1991**	26	40	40	48	40
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	4,9	**ALTITUDE (m)**	100	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O Burgo é o lugar situado a continuación do Igresario de Cela (as primeiras curvas despois do cruce que vai a Chans).

O topónimo *Burgo* provén orixinariamente da raíz xermánica **burgs*, "vila fortificada no alto da montaña"[5], máis é a partir do século XI cando comeza a ter tamén o significado de "poboación pequena dependente doutra principal", "lugar fundado"…

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*... Burgo...*" No Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio. AHP-1679.[6]
- "*Domingo do Burgo*" AHP-1687.[7]
- "*Viñas do Burgo*" o P. Sarmiento[8] como lugar de Cela que paga ó mosteiro de "*Hermelo*"
- "*Lugar do Burgo*" e "*Aldea do Burgo*" CEAGS-1752.[9]

---

[1] *Toponimia de Marín,* Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade de Santiago de Compostela. Páx. 150
[2] Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio. Arquivo H. Provincial. Folio 467 vº (1679-80).
[3] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia*, 1745. Edición e estudio de J.L. Pensado. Museo Pontevedra.1975. Páx. 101
[4] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 355 e 357 vº (R. Generales)
[5] *Os nomes de lugar*, Fernando Cabeza Quiles. Ed. Xarais-1992. Pax. 83
[6] Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poyo. Arquivo Histórico Provincial Folio 467 vº (1679-80).
[7] Arquivo Histórico Provincial. Escribán Francisco Varela, año 1687
[8] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[9] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 344 e 357 (Respuestas Generales)

• A CABREIRA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
CABREIRA	1900	19	76		76	
CABREIRA	1930	17	58		64	
CABREIRA	1973	24	43	42	85	
A CABREIRA	1991	24	21	34	28	34
CATEGORÍA	Aldea	DISTANCIA (km)	3,4	ALTITUDE (m)	80	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

A continuación de O Beloso e antes de chegar á praza da Barraca atopámonos cun pequeno grupo de casas, case que todas novas ou remozadas, que configuran a aldea de A Cabreira. Accedese dende o Igrexario, O Torrón e O Outeiro.

Do latín'*capra-ae'* procede a palabra *cabra.* Seguindo coa tese do contexto rural alto medieval, época na que se debeu estructurar o espacio no Morrazo, A Cabreira sería o lugar onde estaban, pastaban ou estabulaban as cabras. (sinalar que outros exemplos similares serían vaqueiriza,…

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*aldea da Cabreyras y Gaundión"* CEAHP-1752.[1]

• AS CASTIÑÁNS

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
CASTIÑANES	1900	22	82		82	
CASTIÑANES	1930	52	209		221	
CASTIÑÁNES	1973	80	145	152	301	
AS CASTIÑÁNS	1991	154	157	175	195	172
CATEGORÍA	Lugar	DISTANCIA (km)	1,4	ALTITUDE (m)	60	

É un lugar costaneiro e moi vistoso límite xa coa parroquia de Bueu (Loureiro e O Viso). Accédese por varios ramais desde a estrada xeral Pontevedra-Cangas (o da Fonte de Cela e o que hai fronte á entrada da praia de Agrelo) e desde outras pistas locais (como as que veñen desde a Barraca ou desde A Torre.

Puidera que a orixe da palabra poida ser do latín **castanea-ae* "castaño", coa terminación xermánica *-anis* en vez da latina *-aria*, sendo o seu significado "*lugar de castañas*". Ou como dí F. Cabezas de **castanetum / *castaneta*, derivado de *castanea* "*castaña*" [2]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*...Castiñáns o el Placer, otra legua...*". O P. Sarmiento[3] que pagan a "*Hermelo*".
- "*aldea das Castiñans"* CEAHP-1752.[4]

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 95
[2] *Os nomes de lugar* Fernando Cabeza Quiles. Ed. Xarais-1992. Pax. 345
[3] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx.100
[4] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial, ano 1752. Fol. 96 (Vecindario)

• CASTRELO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
CASTRELO	**1900**	28	117		117	
CASTRELO	**1930**	28	117		129	
CASTRELO	**1973**	56	94	98	194	
CASTRELO	**1991**	101	128	152	155	150
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	3,2	**ALTITUDE (m)**	110	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O lugar de Castrelo situado entre A Fonte Alta, Murráns e Pousada, onde o desnivel permite fermosas vistas. Pódese acceder por pequenas pistas que desde Pousada, Friande, Sabarigo, Muíño Vello, etc. o atravesan.

Castrelo vén do latín * *castellu*, diminutivo de *castru* que se refire non sempre a castelos medievais senón a castros. "O longo dos s.IV-V pequenos castros foron usados como refuxio de campesiños e colonos. Algúns topónimos poderían facer referencia, en ocasións a este establecementos: castrelo/s, torrre/s,…"[1]. Este apelativo nomea a aldeas, parroquias e puntas do litoral, bo lugar polo seu aillamento para a construcción dos belicosos poboados.[2]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- No ano 1399, Mª González de Junqueras, hipoteca nunha fundación en favor do convento de Sto. Domingo de Pontevedra, este lugar xunto co de Pousada.
- "*...lugares de Posada y Castrelo, en la feligresía de Cela...*" - Concambio del Convento de Stº Domingo dunhas deudas polo patronato de Stº Tomé de Piñeiro. Ano 1482.[3]

- "*Castrelo*" nunha escritura de arrendamento de Felix de Aldao e Felipe da Torre feita polo escribán Bernardo de Barros no ano 1686.[4]
- "*aldea de Castrelo*" no Catastro de Ensenada, 1752, A.H. Provincial. Fol. 92 (vecindario)

• A COSTIÑA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
COSTIÑA	**1930**	18	64		68	
COSTIÑA	**1973**	19	38	41	79	
A COSTIÑA	**1991**	22	28	43	36	43
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	5	**ALTITUDE (m)**		

[1] Gallaecia nº 3-4, 1977, *Galicia bajo romana* de F. Arias Vilas e Cavada Nieto. Páx.98
[2] *Os nomes de lugar* Fernando Cabeza Quiles. Ed. Xarais-1992. Pax. 125.
[3] "Tumbillo de Stº Domingo" de Fernández Villamil, 15-5-1482. Museo de Pontevedra - Tomo IV. 1946
[4] Arquivo Histórico Provincial, Ca-3247 (2) ó 6-9-1686, páx. 47-48

A Costiña non figuraba no Nomenclátor oficial de principio de século aínda que si era xa coñecido como lugar da parroquia de Cela no século XVIII. Como o seu nome indica é unha aldea costaneira na ladeira alta do monte da Telleira. Accédese por unha pista a esquerda que hai na estrada local Cela-O Outeiro pasado o lugar de Murráns.

Do latín **costa* "lado, costa, costado" e a partir do século X "desnivel, ladeira dunha montaña, terreo en pendente".

Coma referencia do lugar sinalamos:

- *"aldea de Costiña"* CEAHP-1752.[1]

• A FONTE ALTA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
FUENTE ALTA	**1900**	10	46		46	
FUENTE ALTA	**1930**	24	93		106	
FUENTE ALTA	**1973**	24	33	46	79	
A FONTE ALTA	**1991**	20	17	33	25	30
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	4,4	**ALTITUDE (m)**	110	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Os manantiais e fontes tiveron sempre unha función moi importante na formación e desenrolo das comunidades rurais e urbanas, polo que non é raro atopalo como topónimo en case que tódolos concellos.

A Fonte Alta entre a Costiña e Castrelo leva o adxectivo no que se sinala a posición da fonte.

Do latín **fonte* 'fuente'. Fonte(m) en latín era masculino máis cambiou de xénero desde o século IV como outras palabras da terceira declinación e así aparece en tódolos romances que conservan o vocablo.[2]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- *"aldea da Fonte alta"* CEAHP-752.[3]
- "*Fuente Alta* (Bueu, Pontevedra): en gallego, segundo carta do secretario municipal, desde sempre "*Fonte Alta*".[4][5]

• GÁNDARA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
GÁNDARA	**1900**	29	110		110	
GÁNDARA	**1930**	30	124		132	
GÁNDARA	**1973**	26	34	48	83	
GÁNDARA	**1991**	24	23	31	30	31
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	2,2	**ALTITUDE (m)**	50	

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial, ano 1752. Fol. 92 (Vecindario)
[2] *Estudio de toponimia menor en la parroquia de Sta. Mª de Samieira*, Luisa Blanco Rodriguez. Páx. 73-74 PO-1995
[3] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial, ano 1752. Fol. 92 (Vecindario)
[4] *Toponimia Gallega y Leonesa* de A, Moralejo Lasso. Editorial Pico Sacro 1977 páx. 101
[5]

Aldea preto do lugar de As Castiñáns (hai a Fonte da Gándara). Accédese pola estrada das Castiñáns que pasa polo Torrón.

O topónimo GÁNDARA que Menéndez Pidal, seguindo a Bertoldi, emparenta coa voz pre-indo-europea **ganda, "pedregal*[1]. Esta orixe etimolóxica preséntanos a *Gándara* como unha "chaira inculta con maleza"[2], o que non está rifado coas súas condicións máis características de terreo pouco productivo e lamacento.[3]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- *"lugar da Gandara"* AHP-Ca-1635 (3).[4]
- "*Aldea da Gandara*" CEAGS-1752[5] e "*aldea da Grandara"* CEAHP-172.[6]

• IGREXARIO:

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	POBOACION DE FEITO MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	POBOACION DE DEREITO MULLERES
IGLESARIO	**1900**	22	97		97	
IGLESARIO	**1930**	28	101		106	
IGRESARIO	**1973**	29	41	46	89	
IGREXARIO	**1991**	28	36	40	42	41
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	5	**ALTITUDE (m)**	165	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O lugar do Igrexario consta do "agrupamento de casas arredor da igrexa", aínda que tamén tivo coma significado "o conxunto de terras que pertencen a unha igrexa". É aquí onde se atopa a igrexa parroquial, fermosa capela de estilo románico do século XII.

No castelán *iglesia* é un descendente semiculto do latín vulgar *eclesia*, que é un grecismo. Xa no s. XII están moi extendidas formas coma *egrija, igreja, igrexa;* Más a partir do s. XIV 'iglesia' tende a imporse na lingua literaria. * *-ariou* da *O Igrexario*.[7]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Aldea de Iglesario*" CE-AGS-1752.[8]
- "*aldea del Iglº*" CEAHP-1752[9]
- "*Iglesario*" en escritura de arrendamento feita polo escribán Bernardo de Barros en 1686.[10]

Igrexario, A Pena, Paradela

[1] Menéndez Pidal, Ramón, *Toponimia prerrománica hispánica*. Páx. 76
[2] *Toponimia Gallega y Leonesa* de A, Moralejo Lasso. Editorial Pico Sacro 1977 páx. 123-124
[3] *Os nomes de lugar* Fernando Cabeza Quiles. Ed. Xarais-1992. Pax. 97
[4] Arquivo Histórico Provincial. Escribán Juan Fernández Rodriguez, páx. 97 do 4-11- 1661 nun Permiso para testar.
[5] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 356 vº (Respuestas Generales)
[6] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 93 (Vecindario)
[7] Estudio de toponimia menor en la parroquia de Sta. María de Samieira' de Blanco Rodriguez. Páx. 73-74 Pont-95
[8] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 357 vº (Respuestas Generales)
[9] Catastro de la Ensenada, 1752, Arcquivo Histórico Provincial. Fol. 90 (Vecindario)
[10] Arquivo Histórico Provincial, Ca-3247 (2). Escribán: Bernardo de Barros, o 6-9-1686, páx. 47-48

• MURRÁNS

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
MURRÁNS	**1900**	10	31		31	
MURRÁNS	**1930**	14	58		59	
MURRÁNS	**1973**	20	43	34	77	
MURRÁNS	**1991**	25	38	37	43	37
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	4,9	**ALTITUDE (m)**		

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Aldea da parroquia de Cela a ámbolos dous lados da estrada local Cela-Bueu, entre Pousada e O Igrexario.

Descoñecémos a procedencia do étimo Murráns aínda que pensamos que podería ter relación co prerománico **mor- / mur-* "montaña" co sufixo *-áns* de orixe xermánica..

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Aldea de Murráns*" CEAGS-1752.[1] - "*aldea de Morráns*" CEAHP-1752[2]

• PARADELA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
PARADELA	**1900**	12	51		51	
PARADELA	**1930**	15	37		39	
PARADELA	**1973**	12	20	16	40	
PARADELA	**1991**	9	22	15	23	15
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	5	**ALTITUDE (m)**		

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

A última aldea de Cela cara o leste. Accédese polo ramal que despois do igrexario de Cela vai cara Chans e Moaña.

Como topónimo descoñecemos a súa procedencia máis podería ser un étimo referencial "*no extremo de…* ou *… xunto a…*" doutra entidade maior. O prefixo **para-* sería un elemento grego que expresaría "*exterioridade* ou *proximidade*".

Coma referencia do lugar sinalamos: - "*Aldea de Paradela*" CEAGS-1752[3]

• A PENA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
PENA	**1900**	22	80		80	
PENA	**1930**	28	106		109	
PENA	**1973**	26	29	47	77	
A PENA	**1991**	27	45	53	54	53
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	5,1	**ALTITUDE (m)**	170	

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 357 (Respuestas Generales)
[2] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 92 (Vecindario)
[3] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 357 (Respuestas Generales)

A Pena é unha agrupación de casas entre Paradela, Igrexario e O Burgo. As casas están nunha zona costaneira, máis de cara o noreste ó desnivel acada porcentaxes moi altos ata o río da Pena. Ó igual que para ir a Paradela accédese polo ramal que despois do igrexario de Cela vai cara Chans e Moaña.

Da raíz céltiga * *penn-/*pinn-* ,"rocha, cerro, alto"[1]

Coma referencia da aldea sinalamos: - "*Aldea da Pena*" CEAGS-1752.[2]

• POUSADA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
POUSADA	**1930**	20	45		45	
POUSADA	**1973**	13	28	23	51	
POUSADA	**1991**	18	21	20	21	20
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	4	**ALTITUDE (m)**	160	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Pousada como entidade de poboación aparece por primeira vez nos Nomenclator oficiais no ano 1916. O lugar de Pousada consta dun grupo de casas nun pequeno descanso da costa que a estrada Cela-Bueu polo Outeiro ten a continuación da ponte do río da Pena (onde aínda pódense apreciar muíños máis ou menos ruinosos) e a curva de Friande.

O igual que outros autores non cremos que, neste caso pois non nos consta, o topónimo faga alusión á antiga presencia dalgunha pousada ou aloxamento. Inclinámonos pola etimoloxía procedente do latín *puosata*, derivado de *pausare* "parar, cesar", facendo alusión a terreos máis ou menos chans, situados no medio ou ó final dunha pendente.[3]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- No ano 1399, Mª González de Junqueras, hipoteca nunha fundación en favor do convento de Sto. Domingo de Pontevedra, este lugar xunto co de Castrelo.
- "*...lugares de Posada y Castrelo, en la feligresía de Cela...*" - Concambio del Convento de Stº Domingo con María Gómez, de Baiona, polo patronato de Stº Tomé de Piñeiro. Ano 1482.[4]
- "*Aldea de pousada*" CEAGS-1752[5]

• O RÍO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
RÍO	**1900**	10	37		37	
RÍO	**1930**	14	52		57	
RÍO	**1973**	11	8	16	26	
O RÍO	**1991**	13	25	27	28	27
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	5	**ALTITUDE (m)**	180	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

[1] *Toponimia de Marín* , Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade de Santiago de Compostela. Páx. 96
[2] Catastro de la Ensenada, ano 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 357 (Respuestas Generales)
[3] *Os nomes de lugar*" Fernando Cabeza Quiles. Ed. Xarais-1992. Pax. 384.
[4] "Tumbillo de Stº Domingo" de Fernández Villamil, 15-5-1482. Museo de Pontevedra - Tomo IV. 1946
[5] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 344 (Respuestas Generales)

O Rio, entre O Casal e O Burgo, é lugar costaneiro e con abondosa auga que pola ladeira descorre, como os regatos Castiñeiriños e Os Frades, o Barranco do Inferno para engrosa-las augas que forman o río do Inferno.

Do latín *rivu-rivum* no latín tiña a acepción de "arroio, regato, canal".

Coma referencia da aldea sinalamos:

- "*lugar de Río*" No Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio. AHP-1679.[1]
- "*Río Frío*" O P. Sarmiento[2] citao como lugar de Cela que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*aldea do Rio*" CEAHP-1752.[3]

O Burgo...

• SABARIGO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
SABARIGO	**1900**	20	68		68	
SABARIGO	**1930**	58	246		266	
SABARIGO	**1973**	72	92	105	197	
SABARIGO	**1991**	123	86	114	105	111
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	4,3	**ALTITUDE (m)**	120	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Engloba as aldeas de Resille, Fazáns,... e Outeiro que é onde se localiza o núcleo coñecido como Sabarigo. Está nun pequeno outeiro ó que pode accederse por varias pistas asfaltadas, como a que baixa de Castrelo ou as que suben do Bouzón e Resille.

SAVARICUS II é o nome dun bispo de Mondoñedo (ata o ano 925), tío de San Rosendo[4] (lembrese que tiñan terras en Bueu). SAVARIGUS tamén é un nome dun servo doado por Ordoño II á igrexa de Santiago. Estamos pois ante un antropónimo.

Torres Rodríguez relacionao con *SABARIA*, cidade de PANONIA (entre as actuais Hungria) residencia dos cuado-suevos antes de vir a Galicia e lugar de nacemento de S. Martín Dumiense (518-579). ¿A caso se asentarían suevos procedentes de Sabaria, que serían os *sabarigos?*

---

[1] Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio. Arquivo H. Provincial. Folio 188 vº. (1679-80).
[2] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 174. Edición e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[3] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 91 (Vecindario)
[4] A.H. Nacional. Cartulario de Celanova, fol 5v-6v. Visto en *Ordoño de Celanova: vida y milagros de San Rosendo* de Manuel C. Díaz Díaz e outros. Fundac. Barrié de la Maza. La Coruña-1990

Moitos autores como Eligio Rivas[1] preséntano tamén como antropónimo do latín medieval *Sabaricus*, e do xermánico **suaba* 'suevo'+ *reiks* 'rico, poderoso'.

Coma referencia da aldea sinalamos:

- "*aldea de Sabarigo*" CEAHP-1752[2]
- "*Savarigo*" nome que aparece como ubicación de terreos no Catastro do Concello de Marin feito entre os anos 1879-88.[3]
- En Sabarigo atopouse unha estela funeraria tardo-romana de granito do país de 196 x 48 x 27 cm. Que está desde o ano 1976 no Museo de Pontevedra e con nº de rexistro 7870.[4]

Vista xeral de Cela cara ó interior da Ría

• O SOUTO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
SOUTO	**1900**	17	61		61	
SOUTO	**1930**	21	78		79	
SOUTO	**1973**	22	39	42	82	
O SOUTO	**1991**	22	27	28	33	29
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	2,4	**ALTITUDE (m)**	75	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Entre Antepazo e o Torrón (Castiñáns). Accédese a esta aldea desde a estrada que desde Castiñans vai o Colexio da Torre. Ten a Fonte do Souto.

Do latín **saltu (s)*. "paso estreito, desfiladeiro→pasteiro en desfiladeiro→rexión forestal, bosque. A abundancia na toponímia local de étimos relacionados coa castaña ou o castiñeiro -Soutelo, Trasouto, Souto, Castiñeiras, Castañal, Souteliño,...- indica a importancia que tal árbore tivo nalgún tempo.

Coma referencia da aldea sinalamos: - "*aldea do Souto y gundión*" CEAHP-1752[5]

---

[1] *Toponimia de Marín*, Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade Santiago de Compostela. Páx.338-339
[2] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 95 (Vecindario)
[3] Arquivo Concello de Marín.
[4] *Estela funeraria romana de Sabarigo (Sta Mª de Cela, Pontevedra).* Fariña Busto e García Alén. Gallaecia, 3-4.1979
[5] Catastro de la Ensenada, 1752, Arquivo Histórico Provincial. Fol. 96 (Vecindario)

• A TORRE

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
TORRE	**1900**	18	66		66	
TORRE	**1930**	26	59		59	
TORRE	**1973**	46	78	71	158	
A TORRE	**1991**	108	112	123	129	121
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	2,9	**ALTITUDE (m)**	60	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Coma xa indicamos anteriormente é o lugar no entorno da Torre o que maiormente se identifique co topónimo de Cela, pois, entre outros, a familia dos Charino-Sotomaior desde o século XV refírese á súa torre como "*á casa de Cela*".

O lugar de A Torre consta de varios agrupamentos de casas no que destaca a zona onde existiu a primitiva "Torre".

Accédese pola estrada que vai ó Igrexario e logo continúa polo ramal que vai ó Colexio Público. Á súa vez A Torre ten un camiño interior de subida que se colle na casa "da Torre" (casa na quen se utilizou para a súa edificación pedras do antigo casal ou casa solariega e que lle puxeron o escudo). Linda con Pousada, Igrexario,Castiñáns, Antepazo, Portomaior,...

Sinalar que na linguaxe fidalga, torre é equivalente a casa solariega: "*Torre de Feandre(*Friande*)*"[1] (na curva seguinte de Pousada ó Igrexario) , Torre de Sta. Cruz,…

Do latín **turre* "torre, fortaleza".

Coma referencia da aldea sinalamos:

- "*Aldea de Torre*" CEAGS-1752[2]

Vista xeral de Cela de cara o concello de Marín

[1] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 174. Edición e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 100
[2] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 356 vº (Respuestas Generales)

PARROQUIA DE STA. MARÍA DE BELUSO

• BELUSO:

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
STª MARÍA P.	**1900**	495	1872		1887	
STª MARÍA P.	**1930**	603	2518		2664	
STª MARÍA P.	**1973**	665	1193	1290	3145	
STª MARÍA P.	**1991**	798	886	1036	1060	1025
CATEGORÍA	Parroquia	**DISTANCIA (km)**		**ALTITUDE (m)**		

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

No Catastro do Marqués de la Ensenada descríbese a *"La feligresia de Santa Mª de Beluso"* en 1752 (CEAGS,368 vº)[1] nos seguintes térmos:



"…. La de Santa Maria de Beluso ocupade Levante a Poniente, unquarto de legua , y deel Norte y al Sur medio quarto de circunferencia legua y media y dos horas y media de Camino limita por Levante y Sur con dho Coto de Bon, y Villar, Norte y Poniente La Mar, y su figura la de un Hierro de Arado segun se demuestra al margen."

Outros lugares, aldeas,… que viñan no nomenclator de 1900: Castro de Abajo, Cotiño, Coto, Estrada, Granja, Gulpilleira ou Lago Mansiño, Moreira, Pedrosa de Arriba, Pereira, Playa de Figueirón, Vela.

A actual Parroquia de Beluso atópase conformada pola antiga freguesía de Beluso (de señorío eclesiástico) e o Coto de Bon e Vilar (de xurisdición da casa de Aldao).

A pesar do anterior hai que ter en conta de que ó inicio do século XV é cando Galicia queda plenamante integrada na Provincia Eclesiástica Compostelana e fortalece definitivamente a súa estructura xurídica.

Ante a consistencia deste marco pouco significan as alusións a terras e cotos xurisdicionais que con frecuencia quedanse en meras designacións e só coa presencia activa dun titular da xurisdición adquiren unha fisonomía concreta.[2]

Coma referencia da parroquia-lugar sinalamos:

- Ano ¿934?. Como xa se indicou na voz Bueu, Gutier Manéndez e a súa dona tiveron pro-

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo General de Simancas, Libro 248, Fol. 368 vº (Respuestas Generales)

[2] *Galicia nos séculos XIV-XV* de José García Oro - 1987 px.9. Fundación P.Barrie de la Maza.

piedades no Morrazo, e así que a través de San Rosendo (o seu fillo) sabemos que ó dividi-la herdanza dos seus pais, ó seu irmán Froila correspóndelle "*in Morracio Bellucio, cum pumare de mauron et terras et pumares "de giniesto"*.

- Nun documento de doazón de Dona Urraca en 1105 que fixo á San Juan de Poio " ... *de la mitad de la villa de Belluz* (¿Beluso?)".[1]
- Ano de 1371, o Arzebispo D. Rodrigo de Moscoso, concede a Alvar Páez a metade da freguesía de Beluso de por vida e dúas veces mais.

O P. Sarmiento[2] nomea repetidamente ó Beluso, como exemplo:

- "*.. Belùso, feligresía do Morrazo hacia el mar bravo, del lado de Pontevedra. Se llama Stª María, y si no me engaño, en un antiguo original latino que leí en Poyo, se llama Santa Cruz de Belùso, e es (471 r.) donación de ese lugar el dicho colegio de Poio...*
  ...La voz Belùso no es tan singular que no haya otro sitio con ese nombre. Al salir de Rianjo por Taragoña, pasé el río y el puente de Beluso que está a vista de una gran ensenada.... no lejos de nuestro Beluso está el lugar de Belòso. El gallego dice Facho, y fachuzo, tengo idea de haber leido Belùzo por Beluso, así mudada la B en V sale vela, veloso, velùzo, y todo aludirá al facho. El sitio de Beluso está en disposición para eso: para facho por temor de los (474 v,) enemigos; y para faro para guiar a los mareantes. Aquí entre los lugares de Belùso hay uno que se llama Rosa do Faro. Esto prueba que allí hubo algún faro, y todo viene bien con Veluso."

• ACHADIZA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
ACHADIZA	**1973**				188	
ACHADIZA	**1991**	73	86	125	104	126
CATEGORÍA	Poblado	**DISTANCIA (km)**	0,2	**ALTITUDE (m)**		

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Poboado feito como vivendas sociais construídas polo Instituto Social de la Marina[3] e entregadas en novembro de 1952. Localizado nun pequeno monte, relativamente plano situado á beira da estrada xeral Bueu-Cangas pola costa. O acceso é por dous ramais que da estrada mencionada achéganse a este.

Do latín **planu* "plano, chan, chairo" xa sustantivado (*chan*) e co sufixo de materia *-icia.*

Coma referencia do poboado sinalar que pola recente utilización deste monte para a ubicación das casas sociais é polo que non o atopamos citado en documentación antiga así como nos nomenclator anteriores a 1971.

---

[1] *Los Monasterios de Galicia.* Galicia Histórica. Pag. 53
[2] Fr. Martín Sarmiento, *Voces y frases gallegas*. Edic. e estudio de J. L. Pensado. Unv. Salamanca 1970. Páx. 399-401
[3] "*Faro de Vigo*" do 9-Novembro-1952. Páx. 4

• BON DE BAIXO/ DE RIBA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
BON AB./ARR.	**1930**	105	440		467	
BON AB./ARR.	**1973**	118	198	239	441	
BON AB./ARR.	**1991**	165	165	199	374	176
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	4,3	**ALTITUDE (m)**	20-75	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

No Catastro do Marqués de la Ensenada descríbese o "*Coto de Bon y Villar*" en 1752 (CEAGS,325)[1] nos seguintes termos:

"*.... el Termino territorio que ocupa el Coto de Bon y Villar desde el Norte al Sur es de quatro y medio de legua y de Levante â Poniente un cuarto con corta diferencia, y de circunferencia legua y media â hora y media de Camino, cuio Coto limita por el Levante con terminos dela Feligresía de Bueu por el Poniente con la Mar, ô Ria de Aldán, por el Norte con la Feligresia de Beluso, y por el Sur dicha Feligresía de Aldán y su figura ovalada con una punta hacia el Norte como se demuestra al margen.*"

Para acceder a Bon de Riba pódese facer desde a estrada de Beluso-Aldán, e por varias pistas que une esta coa estrada de Beluso-A Portela polo Sanamedio. Bon de Baixo está a dereita na mesma estrada Beluso-Aldán.

Estes lugares lindan coa parroquia de Aldán, e cos lugares de Montemogos, Vilar, Sanamedio e Chan de Piñeiro.

Coma referencia do lugar sinalamos:

- No ano 1336, Teresa Eans deixa en herdanza ó Convento de Stº. Domingo "*os seus casales de Pazos de Bon das Cernadas en Beluso…*", o seu significado ver ser: "pazo do bo descanso"
- No ano 1347, Pedro Arias de Aldao y Sivil funda maiorazgo, incluindo nel os " *coutos de Bon e Vilar con Unâ e outra jurisdiçon…*"
- No ano de 1390, Constanza Fernández Rouca, deixa en herdanza a Stº Domingo o "*casal de Bon e Vilar, en Beluso*".
- Nos rexistros parroquiais de Beluso atopámonos con "*Aldea de Pedrosa de Bon*"(18-5-1748), "*Requixo de Bon e Pumadelo de Bon*" (febreiro de 1753), "*Aldea de Axada de Bon*" (12-7-1754), "*Lugar de Bon*" (20-5-1760), "*Estrada de Bon,Carras de Bon,...*"
- "*Aldea de Bon*" [2] AHP Apeo General del Conde de Maceda, ano 1694.

Bon de Baixo coa Ría de Aldán ó fondo

- "*Bon*" P. Sarmiento,[3] como lugar de Beluso que paga a "*Hermelo*".
- "*Coto de Bon*" Catastro de Ensenada,1752.Archivo G. de Simancas L. 248. Fol. 342[1]

---

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo G. de Simancas, Libro 248, Fol. 325 (Respuestas Generales)

[2] Arquivo Histórico Provincial. Apeo General del Conde de Maceda. Escribán Fco. Malvido Varela, 1694. Páx.649

[3] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101

• O CABALO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
CABALO	**1900**	25	105		107	
CABALO	**1930**	48	226		232	
CABALO	**1973**	88	166	172	339	
O CABALO	**1991**	115	148	206	203	209
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	2,6	**ALTITUDE (m)**	45	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Para acceder a este lugar normalmente faise desde a estrada de Bueu-Cangas (pola costa), tamén pódese ir desde o lugar de Sar, por unha pista que parte desde a estrada que partindo do cruce de Montemogos vai a Cabo Udra.

Este lugar está rodeado polos lugares de Sar, Rúa Nova de Arriba, Rúa Nova de Abaixo, Costa de Figueirón, Praia de Beluso.

Do latín *equus*→o latín vulgar *Caballus* "cabalo de traballo" →"cabalo en xeral". Este topónimo parece metafórico e puramente orográfico, inspirados nunha lonxana semellanza.[2] Cremos que o nome de O Cabalo ven dado polo nome dunha pedra que se atopa na costa, preto do lugar, chamada "*Pedra do Cabalo*" que tén a fasquía dunha pedra "*cabaleira*". (enriba doutra).

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Monte de Cavalo ou Canado*" AHP-1689.[3]
- "*Monte Cavalo*" O P. Sarmiento[4] tamén o cita como lugar de Beluso que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- *" intenta Pedro Pastoriza construir una Fabrica para fomento de la pesca en el Monte nombrado do Cabalo, …"*, Pascual de Juncal, 12-4-1811. AHP-Ca-1462 (1)
- No ano 1828, o pirata Benito Soto, fondea na costa de *Monte Cabalo*, coa fin de descargar a súas mercadurías.

• A COSTA DE FIGUEIRÓN

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
CUESTA DE F.	**1900**	13	46		47	
CUESTA DE F.	**1930**	15	66		72	
CUESTA DE F.	**1973**	13	26	29	54	
A COSTA DE F.	**1991**	28	41	42	47	42
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	3	**ALTITUDE (m)**	50	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

"Se halla sita dentro delos términos del Coto deBon y Villa, Feligresía de Sta. María de Beluso, denominada la tomada de Figueiro como que está radicada en el sitio de este nombre cerrada y circundada sobre si, se lleva en sembradura cinquenta ferrados de pan

[1] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo G. de Simancas, Libro 248, Fol. 342 (Respuestas Generales)
[2] *Toponimia de Marín*, Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade Santiago de Compostela. Páx.366
[3] Arquivo Histórico Provincial, CA 2492 (2) Escribán Francisco Malvido Varela, ano 1689
[4] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101

poco más o menos, segun que limita por el Norte con Esteban Pérez por el vendabal con Joseph Martínes y Manuel Pérez por e Lebante con terreno y monte valdio y por el Poniente con Camino que baja a la Ensenada y Ribera de Figueiro."[1]

A Costa de Figueirón entre Rúa Nova de Abaixo, Cabalo,Achadiza e a Praia de Beluso, é como o seu nome indica, aldea moi costaneira. Pola estrada que vai de Bueu-Aldán hai unha pista asfaltada que pola dita "Costa" accédese á Praia de Beluso.

É unha palabra latina que significaba "*costilla, lado, costado"* → "*pendente dun outeiro*" → "*parte elevada dunha carretera*"→ "*costado ou ladeira dunha montaña*" → "*terreo pendente*". Neste topónimo á situación exacta da costa vai publicada pola presencia do adverbio.[2]

• CHAN DE PIÑEIRO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
CHAN DE P.	**1900**	20	78		78	
CHAN DE P.	**1930**	24	103		113	
CHAN DE P,	**1973**	53	92	99	194	
CHAN DE P.	**1991**	53	62	60	70	61
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	3,3	**ALTITUDE (m)**	70	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

O acceso a este lugar faise a través da estrada de Beluso-A Portela pois está pouco antes do Sanamedio. Atópase no término deste lugar o Pazo de Ouril.

O lugar está rodeado por Achadiza, Vilar, Ruanova de Abaixo, Bon de Arriba e Sanamedio.

Plana o *planu(m)* "llano" → *chan*. Hai que resaltar o feito de que o substantivo común masculino *o chan* se opoña en xénero ó topónimo que pode provir tanto de *plana* como de *planum* con cambio posterior de xénero.[3]

É topónimo frecuente na zona (Chans de Cela, Chans de Botas,As Chans de Ermelo,...) non sempre por ser unha grande chaira senón por ser un pequeno plano no monte ou entre pendentes.

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Piñeira (Pineida*)" O P. Sarmiento[4] citao como lugar que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Chan de Piñeiro*" e "*Chandepiñeiro*" Nos Arquivos parroquiais de Beluso (1766).
- "*de Chan de Piñeiro*" AHP-Ca-1462(1) Poder feito polo escribán Pascual de Juncal 1805[5]

• MONTEMOGOS

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
MONTEMOGOR	**1900**	33	103		104	
MONTEMOGOR	**1930**	91	380		404	
MONTEMOGOS	**1973**	134	224	233	458	
MONTEMOGOS	**1991**	221	208	271	245	268
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	4,2	**ALTITUDE (m)**	140	

[1] *Foro de 15-5-1799*. Arquivo H. Provincial- Ca-1461 (2) do escribán Pascual de Juncal.
[2] *Estudio da Toponimia menor en la parroquia de Stª Mª de Samiera*, de Luisa Blanco Rodríguez. Diputación P. 1995
[3] *Estudio da Toponimia menor en la parroquia de Stª Mª de Samiera*, de Luisa Blanco .Diputación P. 1995. Páx. 56
[4] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[5] Arquivo Histórico Provincial. *Poder del Coto de Bon y Villar a Josef Benito Lozano y otros vecinos" Páx.57*

Abarca unha ampla zona que vai desde a Ensenada de Pouso ata a Praia de Bon, pola costa; e tendo por lindes A Rosa, Bon de Abaixo, Vilar e Ruanova de Riba. Zona de vales e pendentes onde o núcleo principal atopáse na ladeira dun pequeno outeiro polas inmediacións do Colexio Público.

Do preindoeuropeo **mok-/*muk* - "pico, cerro"; **mak- *moko-* "colina". "Mogos" É unha serie de irrelevantes montículos ou mogotes cubertos de toxo e retama.[1]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Montemogos*" AHP pax. 649 Apeo General del Conde de Maceda.[2]
- "*Montemoxos*" Nos Arquivos parroquiais de Beluso (febreiro 1766).
- "*de Montemogos*" Poder feito polo escribán Pascual de Juncal 1805[3]

• A PRAIA DE BELUSO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
P. FIGUEIRÓN	**1900**	21	58		58	
P. DE BELUSO	**1930**	30	110		117	
P. DE BELUSO	**1973**				119	
A PRAIA DE BELUSO	**1991**	72	45	51	52	53
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	1,5	**ALTITUDE (m)**	15	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Como pode observarse no recadro anterior o étimo A Praia de Beluso comeza a usarse como referencia o que hoxe en día coñecemos a partir dos anos vinte deste século aparecendo no Nomenclator a partires do ano 1930.

"En el Puerto de Figueirón esto en el Coto de Bon y Villar incluso en esta Feligresia de Sta. María de Beluso, de la Provincia de Santiago en este Rno.de Galicia, a veinte y dos dias del mes de Noviembre, año de 1.812 antemi..."[4]

Paia de Beluso

[1] *Toponimia de Marín*, Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade Santiago de Compostela. Páx.79
[2] Arquivo Histórico Provincial. Ca-2493. Apeo General del Conde de Maceda, ano 1694. pax. 649
[3] A. H. Provincial. Ca-1462(1) *Poder del Coto de Bon y Villar a Josef Benito Lozano y otros vecinos" Páx.57*
[4] A. H. Provincial. Ca-1462 (1) Protesta del Capitán Pedro José Viana ante Pasqual Juncal.

• A ROSA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
ROSA	**1930**	61	265		268	
ROSA	**1973**	66	117	120	237	
A ROZA	**1991**	77	100	126	243	118
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	4,5	**ALTITUDE (m)**	60	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

A Rosa ou A Roza é un lugar en pendente entre Sar, Montemogos e A Rúa Nova. Neste lugar atópase a igrexa parroquial de Beluso.

É un topónimo agrícola que proveniente dunha forma latina derivada de **ruptiare* "roturar", parece relacionado co verbo romper ou rozar, por alusión a rotulacións ou colonizacións de terras virxes. Roza: "acción de rozar ou limpado de monte". Monte cavado e queimado para facela sementeira.[1]

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Rosa do Faro*" A. Histórico Provincial. Escribán Francisco Malvido Varela,1689.
- "*Rosa del Faro. Rosa de Malvido*" O P. Sarmiento[2] tamén o cita como lugar de Beluso que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Rosa*" Suplemento 6º B.O.de la Provincia, año 1884 - Censo de electores para diputados a Cortes.

• A RÚA NOVA DE BAIXO / DE RIBA

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
RUANUEVA	**1900**	58	224		225	
RUANUEVA	**1930**	113	445		469	
RUANUEVA	**1973**	51	258	263	526	
A RUA NOVA	**1991**	192	259	278	311	281
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	2-4	**ALTITUDE (m)**	40-70	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

As Rúas Novas están a ámbolos dous lados da "Recta do Peón" e que desemboca no lugar de O Vilar.

As rúas segundo explica Xaquín Lourenzo, son os camiños que se atopan dentro das aldeas galegas. A voz "*rúa*" comézase a usar en Galicia desde mediados do século XII, facéndose coincidir, entre outras acepcións, como vello cruce de camiños. Non é moi claro a súa etimoloxía aínda que pode que veña da palabra francesa **rue* "rúa", ou da latina **ruga* "camiño, arruga".

Coma referencia do lugar sinalamos:

- "*Ruanueba*" AHP-Ca-3247(2) Escribán Bernardo de Barros, 7-4-1686, páx. 26-27
- "*Rua Nova*" e "*Aldea de Ruanova*" Nos Arquivos parroquiais de Beluso (xullo 1750 e febreiro1755).
- "*de la Ruanova*" Arquivo Histórico Provincial. Escribán: Pasqual de Juncal, 1799.[3]

---

[1] Diccionario de Galego de Xerais, 1986. Páx. 759.
[2] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[3] No foro de Sebastián Bermudez a Pedro Bernardo.. Arquivo H. rovincial. Pasqual de Juncal. Ca-1461 (2) Páx.79

•O SANAMEDIO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
SAN MAMED	**1900**	11	28		28	
SAN MAMED	**1930**	10	38		39	
SAN MAMED	**1973**	27	46	59	105	
O SANAMEDIO	**1991**	36	41	61	46	61
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	4,6	**ALTITUDE (m)**	75	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Está ubicada a aldea na estrada que partindo de Beluso vai cara A Portela. Accédese, tamén, polas pistas que desde Bon suben de cara a Chan de Piñeiro e O Sanamedio. O Sanamedio linda cos lugares Bon de Riba, Chan de Piñeiro e O Valado. Nesta aldea está ubicada a ermida de Sanamedio, do século XVII.

O nome provén da capela na que, situada no lugar, se brinda culto a "San Mamede" ou "Sanamedio".

Coma referencia da aldea sinalamos:

- "Amigo, se mi gram ben queredes. / id'a San Mamed-'e veer-m'edes:..../Serei vosqu'en San Mamede de Mar.... "versos do xoglar Joan de Cangas que fan referencia á romaria de San Mamede, a finais do s. XIII.

- "*San Mamede da Carballa e dos Manises*"Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio, AHP 1679 [1]. No mesmo Apeo fala dos mollón e marcos que dividen as freguesías de Hermelo, Cela, Bueu, Coiro e Moaña. Como nos marcos e moxóns aparecen cruces e laxes cabería pensar que a cruz de San Mamede na eira de Sanamedio-Bon poderia, pola súa situación, un destes.

- "*San Mamed*" Nos Arquivos parroquiais de Beluso (16 de marzo 1740).

- "*San Mamed da Carvalla*" P. Sarmiento[2], como lugar que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".

• SAR

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
SAR	**1900**	24	99		100	
SAR	**1930**	43	179		190	
SAR	**1973**	61	130	132	263	
SAR	**1991**	135	100	110	115	111
CATEGORÍA	Aldea	**DISTANCIA (km)**	3,5	**ALTITUDE (m)**	29	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

[1] Apeo de bens do mosteiro de San Xoán de Poio. Arquivo H. Provincial. Folio 9 e 38 vº (1679-80).
[2] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Mu seo de Pontevedra.1975. Páx. 101

É a aldea máis occidental do concello de Bueu. Abarca pola costa desde a Praia de Ancoradouro ata a Praia de Tuia, e por terra linda con A Roza, Rúa Nova de Riba e Cabalo. Accédese dende a estrada que dende ó "Cruce de Beluso" vai a Udra, polas pistas que se achegan desde Cabalo e da Praia de Lagos..

Do preceltico **sar*- "agua que flue", céltico **sar*- de-.[1]

Coma referencia da aldea sinalamos:

- "*Sar*" Nos Arquivos parroquiais de Beluso (22 de novembro de 1743).
- "*Gondar de Sar*", "*Sar de Juan Martínez*" e "*Curral de Sar*" P. Sarmiento[2] tamén o cita como lugar de Beluso que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".

• VILAR

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
VILAR	**1900**	12	37		37	
VILAR	**1930**	58	247		269	
VILAR	**1973**	54	103	116	221	
VILAR	**1991**	60	78	94	94	94
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	3,7	**ALTITUDE (m)**	80	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

Lugar plano que se atopa entre Montemogos, as Rúas Novas, Chan de Piñeiro e Bon, o longo da estrada de Beluso a Aldán.

Do latín **villa* "granxa, feudo rural" → **villare* "parte da granxa".[3] *Vilar*: "aldea pequena, lugarexo".[4]

Coma referencia da aldea sinalamos:

- "*Domingo Nunez, morador em Villar de Beluso*". Escritura de Foro feita por Urraca Díaz, monxa do convento de Santa Clara de Pontevedra, no ano 1335.[5]
- "*aldea deVilar*" AHP-1694.[6] pax. 678 Apeo General del Conde de Maceda, por el el escribano Francisco de Malvido Varela, año 1694.
- "*Vilar*" O P. Sarmiento[7] tamén o cita como lugar de Beluso que paga ó mosteiro de "*Hermelo*".
- "*Aldea de Villar*" CEAGS-1752.[8]
- "*Aldea de Vilar*", "*Aldea de Villar*", "*Lugar de Vilar*", "*Coto de Bon y Villar*" Nos Arquivos parroquiais de Beluso.[9]

---

[1] *Toponimia de Marín,* Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade Santiago de Compostela. Páx.40
[2] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[3] *Toponimia de Marín,* Rivas Quintas, Eligio;Verba anexo 18. Universidade Santiago de Compostela. Páx. 315
[4] Diccionario de Galego de Edc. Xerais, 1986. Páx. 897
[5] Escritura de Foro de Urraca Diaz, ano de 1335 ante o escribán Juan Pérez de Lugran. Arquivo do convento de Santa Clara de Pontevedra. Visto na coleccion de Documentos Históricos da Real Academia Gallega.
[6] Arquivo Histórico Provincial. Apeo General del Conde de Maceda. Páx. 678. Ano 1694.
[7] Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* , 1745. Edic. e estudio de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.1975. Páx. 101
[8] Catastro de la Ensenada, 1752, Archivo G. de Simancas, Libro 248, Fol. 257 (Mayor Hacendado)
[9] Arquivos Parroquiais de Beluso nas datas 16/10/1748, 30/8/1769, 21/3/1772 e 9/10/1973.

ANTEIGREXA DE SANTIAGO DE ERMELO

• ERMELO

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
ERMELO	**1900**	24	105		105	
ERMELO	**1930**	32	122		134	
ERMELO	**1973**	30	48	55	106	
ERMELO	**1991**	29	43	52	47	52
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	6	**ALTITUDE (m)**	360	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

'Feligresía de Santiago de Hermelo' **CEAGS Libro 261 Folio 3890 (Mayor Hacendado)**

"*.... La Feligresía de Santiago de Hermelo ôcupa de Levante â Poniente medio quarto de lengua del Norte al Sur la quarta parte de esa distancia y de circunferencia dos quartos y medio de Lengua, ô media hora de Camino confina por el Levante con territorio dela Feligresía De San Martín de Moaña por el poniente con términos de San Martín de Bueu por el Norte con la de Santa Maria de Cela, y por el Sur con tierras de dicha Feligresia, y San Salvador de Coiro, y su figura también quadrilonga demostrativa al margen*"

Lugar que se atopa a continuación de Meiro cara o Monte da Esculca. Aínda que está moi alonxado do núcleo e mesmo comunicado cunha soia estrada que remata no lugar, pertencente á zona de influenza social do núcleo de Bueu (os nenos de Ermelo imos ó Colexio de Bueu), máis como parroquia depende da xurisdición da de Cela desde o ano 1868. Tivo mosteiro.

"La voz Ermelo es diminutivo de *eremus* que significa *desierto*. En lo más alto de *Morrazo* hacia poniente, está la feligresía de *Santiago de Ermelo*. Es al mismo tiempo priorato de benedictinos anejo a San Juan de *Poyo*. Pero en lo antiguo era *Ermelo* un monasterio grande que era cabeza de todos los monasterios que había en el *Morrazo*. Está *Hermelo* de la parte de la ría de Pontevedra, y desde él se ve el colegio del Poyo que está en el lado opuesto de la dicha ría." [1]

Aínda que existen intentos de derivar Ermelo de **ereme* xa desde P. Sarmiento, isto pensamos que pode que non sexa de todo correcto, pois a palabra resultante sería "*ermida*". "*Ermiloo*" é un antropónimo do século IX. No ano 936 hai unha vila *Ermiilde*. Outra posibilidae é de **eremus* con diminutuvo -*ellum*: "Terreo inculto, deserto".

Coma referencia do lugar sinalamos:

- No ano 624 "... conforme nos dí Murguía:'*Aparte do mosteiro de mulleres que o P. Sarmiento supón con moi boas razóns que existía en Tomeza, a principios do século VI, hai motivos para pensar que San Martín do Grove e a Igrexa de Hermelo foron monasteriais'*".[2]
- A finais do século XI "...*do priorato de Hermelo*.". Nun documento do conde Ramón de Borgoña e da raíña Urraca.[3]

[1] Fr. Martín Sarmiento, Colección de voces y frases gallegas, 1745.Por J. Pensado. Salamanca.1970. Px.. 379-80
[2] J. Caamaño Bournacell, *El Grove. Su historia*. Museo de Pontevedra XVIII-1964. Páx. 79.
[3] *Corónica Generales de la orden de S. Benito*, de Fray Antonio Yepes, 1615, Vol. II, páx. 305.

- "*...et monast. ...et sci jacobi de rinello...*" Bula de Anastasio IV no 1154.[1]
- "*Sancti Iacobi de Ermello...*" no pontificado de Inocencio III en 1199. Rex Pothast. 793 Reg. Vat. 4 - libro 2, páx. 139, folio 430. . Visto en *Documentos Pontificios de Galicia* (1088-1341) de Alfonso Vázquez, 1941. Páx. 113.
- "*...et sancti Iacobi de Rivelo* (¿Ermelo?)..." Bula de Alejandro III o 20-3-1178.[2]
- Referencias varias: No ano 1227 "*Sancto Iacobo Ermelo*", no 1232 "*Nuno Fernández, abbas Sancti Iacobi Ermelii*", "*Monacus de Ermelo*" no ano 1262[3] e no 1326-1331 "*Monasteyro de Hermelo*"

ANTEIGREXA DE SAN XOAQUÍN DE ONS:

• ONS

DENOMINACIÓN	ANO	VIVENDAS	POBOACION DE FEITO HOMES	MULLERES	POBOACION DE DEREITO HOMES	MULLERES
ISLA DE ONS	**1900**	54	299		299	
ISLA DE ONS	**1930**	56	375		383	
ISLA DE ONS	**1973**	79	184	185	370	
ILLA DE ONS	**1991**	60	4	6	5	7
CATEGORÍA	Lugar	**DISTANCIA (km)**	14,8	**ALTITUDE (m)**	0-90	

Datos estatísticos obtidos dos Nomenclator oficiais

"*Resguardada polo Noroeste a entrada da encantadora ría de Marín, a illa de Ons, dunhas duascentas hectáreas de superficie, de forma alongada na dirección Nordeste-Sudoeste, con terras de cultivo, suaves montes que alcanza a pouco máis de cen metros na súa parte máis empinada, pequena praia e dilatada costa penedosa.*

Preto ten polo Norte ó rochoso illote chamado Centolo, e polo Sur, un pouco máis lonxana, a illa Onza, ..."[4]

Por Real Orde de 20 de novembro de 1844 as illas de Ons e Onza adscríbense ó distrito municipal de Bueu "*por ser el Continente más próximo*".

"De Ôns. Llaman *illas Dôns,* en los instrumentos, *Dones, Doôs* y *Dona* ou *Donas.* Creo que averigüé su origen. Hacia este mar pone Plinio la isla *Daunios, y no puede ser otra que la de *Ons,* v.gr.: Daunios, *Donios, Dons* e *Doos;* de este modo se conoce que por no repetir la D de *Dons*, se dijo *Deons* ou *Dons;* y despues, creyendo que la D de *Dons* era artículo, y que la isla se llamaba *Ons,* escribieron, y mal, de *Ons.*

Digo que D no es radical del nombre *Dons* ou *Daunios.* Yo escribí *de Ons,* no comiendo la E por causa del verso, pero la recta ortografía (86 r.) debía de ser *de Ons,* o la isla *Dons.* En tiempo de Plinio, o era una sola, o si eran dos, non hizo apre-

[1] Bula de Anastasio IV do 8-4-1154. Tumbo B, folio 266 de Santiago. En *Hª de la Sta A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*.de López Ferreiro. Tomo V. En '*Apéndices*' páx. 62

[2] Tumbo B, folio 234 de Santiago. Visto en *Hª de la Sta A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo IV. En 'Apéndices' páx. 127

[3] Archivo Histórico Nacional. Sección Clero, 1330/15.

[4] *Apuntes para la Historia de la Isla de Ons* de Salustiano Portela P. en Cuadernos de Estudios Galegos XXVII. CSIC. Instit. Padre Sarmiento. Santiago-1954 páx.35

cio da pequeña. Hoy son dos distintas, y en mareas altas parecen tres. La menor se llama *Onza*, y es la más austral, la mayor se llama *Dons* o *Ons,* y su cabo boreal, y en mareas vivas, parece isla distinta y le llaman *Centulo.*

...Suponiendo, como de hecho es así, que Plinio llama *Aunios* a la isla, es la analogía más patente. De *Aunios, Onios, Onos, Ons, Ôos, Ôs,* etc. por lo cual el de *De* es articulo *servil*, que, o se escribe junto, v.gr.: *Dons,* o *separado*, v.g.: *De Ons* o *Aunios.*

...hay enfrente de la ría de Pontevedra, las islas de *Ons,* cuya explicación queda en la copla octava: " *se ve el mar bravo / se ve el mar quedo / de Ons y de Tambo / las islas a lo lejos*".(Copla nº 8) Esas islas se llaman en los mapas *Blydones,* que ninguno entiende, y es que se juntó Blyd. *Ones;* y *Ones* y *Ons,* y en Plinio *Aunios* es el verdadero nombre de estas islas. ...."[1]

Como referencia do lugar sinalamos:

- No año 416, segundo M. Rodríguez en *Ayer de Pontevedra* "*o bispo Consicio habitaba en Ons, formadas polas illas de Ons-Oura (Ouala ou tamen Ouceta), e o illote Centolo*". Afirma que son as *Aumios* de Plinio do seculo X ou a *Una* e *Ausna* do árabe El Idrisi.
- No ano 899, Alfonso III concede o sustento dos monxes da igrexa Corticella, en Santiago á "*insulam Aones cum ecclesia csi. Martini*".[2]
- Ano 911, D. Ordoño II, Rey de Galicia, fai a esta Santa M. Iglesia e o seu Obispo Sisnando I, unha rica doazón en vilas, servos e alfaias."*ommes insulas que sunt infra mare (…) id est Aones*". [3]
- Ano 1685 *"ysla de Hons"*...."[4]
- Ano 1698, Claas Jansz Voogt, en *Le nouveau e grand illuminam flambeau de la mer* recoñeceas como as "*Illas Blyoones*".

Eclesiásticamente a Illa de Ons está adscrita á parroquia de Sta. María de Beluso. Na actualidade ten dúas capelas.

Se queremos buscar a etimoloxía de Ons seguindo o discurso dos nosos devanceiros, con tódalas reservas posibles, facémolo a partires de *Aones* → *de Aonia = Beocia* (territorio grego). *Aonio* habitante de *Aonia;* que, a parte da súa relación mitolóxica coas musas, ten por significados etimolóxico: *lelo, que se dedicaba ó comercio marítimo.*

Illa de Ons

[1] Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas,* 1745.Por J. Pensado. Salamanca.1970. Px.170-1 e 400.

[2] A. López Ferreiro. *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo I Apéndice nº XXV páx. 47 referencia ó Tumbo A, fol. 4 vº-5 vº

[3] A. López Ferreiro. *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo I Apéndice nº XXX páx. 44-66 referencia ó Tumbo A, fol. 6

[4] A. López Ferreiro. *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. TomoVIII, páx. 378. *Boletín da Real Academia Galega*. Tomo VI. Páx. 126.

ÍNDICE

	Páxina
Presentación	2
Xeralidades	3
PARROQUIA SAN MARTÍN DE BUEU	4-6
Bueu - Canceliña (A)	7
Carrasqueira (A)	8
Cividá (A) - Enleito (O)	9
Graña (A) - Loureiro	10
Meáns (As) - Meiro	11
Norte (O)	12
Outeiro (O) - Petís	13
Portela (A) - Ramorta (A)	14
Soutelo - Trasouto	15
Valado (O)	16
Viso (O) - Xexide	17
PARROQUIA DE STA. MARÍA DE CELA	18
Antepazo - Beloso (O)	19
Burgo (O)	20
Cabreira (A) - Castiñáns (As)	21
Castrelo	22
Costiña (A)	22
Fonte Alta (A)	23
Gándara	23
Igrexario	24
Murráns - Paradela - Pena (A)	25
Pousada - Río (O)	26
Sabarigo	27
Souto (O)	28
Torre (A)	29
PARROQUIA DE STA. MARÍA DE BELUSO	30
Achadiza	31
Bon de Baixo/ de Riba	32
Cabalo (O) - Costa de Figueirón (A)	33
Chan de Piñeiro - Montemogos	34
Praia de Beluso (A)	35
Roza (A) - Rua Nova de Baixo / de Riba (A)	36
Sanamedio (O) - Sar	37
Vilar	38
Ermelo	39
Ons	40